

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de maio de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e dous de maio de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(692).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de maio e da extraordinaria e da extraordinaria e urxente do 14 de maio de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(693).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 39/2009, p.a. Demandante: D. ALEXEI BLANCO PUENTE. Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamación do 15/07/2008 sobre reclamación patrimonial. Desestimado o recurso.
- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 56/2009 P.A. Demandante: D. JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ Obxecto: Resolución de 9/12/2008. Sanción de tráfico, expte.: 0886224334. Estimado o recurso.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 69/06 P.O. Demandante: D FELIX GOBERNA COSTAS. Obxecto: Desestimación presunta de reposición do 14/02/80. Toma de posesión de concesión (restaurante) en Samil (As Dornas 3-M-1) Expte.: 17946/240. Inadmitido o recurso.
- d) Sentenza do X. de Instrucción nº1 de Vigo no Xuízo de Faltas nº 233/08 (DP/PA 6184/04). Demandante: CONCELLO DE VIGO. Obxecto: Incidentes producidos pola sesión plenaria 30/12/04 aprobación PXOM.
- e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 33/2009 p.o. Demandante: D^a M^a VICTORIA RAPOSEIRA PENALBA. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial. Expte.: 1878/243. Desestimento da demandante.
- f) Sentenza do TSXG no RC-A nº 01/434/05 P.O. Demandante: Sindicato Nacional de CC.OO de Galicia. Obxecto: Pleno do 28/02/05, orzamentos para 2005 (referente a “transformación de prazas” do S. de Extinción de Incendios). Desestimado o recurso.
- g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no RC-A nº 75/2007 P.O. Demandante: D. JUAN COMESAÑA ÁLVAREZ e outros. Obxecto: Desestimación “presunta” de solicitude do 30/01/2007 de paralización da EDAR do Lagares. Exptes. Núm.: 3610/306 e 33229/422. Desestimada íntegramente a demanda.
- h) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 377/08 P.A. Demandante: D CARLOS ORDÓÑEZ PÉREZ. Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamación retributiva (Suboficial Servizo Extinción de Incendios). Desestimento do actor.
- i) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4052/2009 interposto polo CONCELLO DE VIGO e por HIDROFREIXA S.L.U. contra auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela no RC-A nº 116/02 P.O. que anula resolucións de Augas de Galicia sobre concesión administrativa hidráulica a Topo 2000 S.L. Desestimado o recurso de apelación.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas Sentenzas e Autos.

3(694).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2009. EXPTE. 3129/335.

Mediante providencia de data 15.05.09, o concelleiro delegado de Animación Sociocultural, en cumprimento coa base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Animación Sociocultural durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2009, que son os seguintes:

Xaneiro

Expte: 2927/335. CONTRATACIÓN DO MATERIAL GRÁFICO CABALGATA DE REIS

Decreto concelleiro data: 02/01/2009

Informe Intervención: RC 1455

Adxudicatario: ANÓNIMO PUBLICIDAD S.L.

Importe: 11.318,70 EUROS

Expte: 2928/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN FESTA DE BENVIDA ÓS REIS MAGOS

Decreto concelleiro data: 02/01/2009

Informe Intervención: RC 1473

Adxudicatario: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA

Importe: 5.985,00 EUROS

Expte: 2929/335. CONTRATACIÓN DO TRANSPORTE DE REIS MAGOS ÓS HOSPITAIS E DA MONTAXE DE SINAIS PARA CORTES DE TRÁFICO

Decreto concelleiro data: 02/01/2009

Informe Intervención: RC 1474

Adxudicatario: AQUILINO MOLINA VALÍN

Importe: 2.941,95 EUROS

Expte: 2930/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DO VALADO DE SEGURIDADE

Decreto concelleiro data: 02/01/2009

Informe Intervención: RC 1472

Adxudicatario: AQUILINO MOLINA VALÍN

Importe: 6.016,92 EUROS

Expte: 2931/335. CONTRATACIÓN DA MEGAFONÍA PARA A CABALGATA DE REIS

Decreto concelleiro data: 02/01/2009

Informe Intervención: RC 1470

Adxudicatario: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA

Importe: 3.132,00 EUROS

Expte: 2932/335. CONTRATACIÓN DO GRUPO DE ANIMACIÓN PARA COMITIVA DO REI BALTASAR NA CABALGATA DE REIS

Decreto concelleiro data: 02/01/2009

Informe Intervención: RC 1457
Adjudicatario: FUNDACIÓN IGUALARTE
Importe: 6.600,00 EUROS

Expte: 2933/335. CONTRATACIÓN DO PERSOAL AUXILIAR DE PRODUCCIÓN PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1469
Adjudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe: 9.341,09 EUROS

Expte: 2935/335. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO TELEVISIVO CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1456
Adjudicatario: TELECIDADE S.A.
Importe: 4.060,00 EUROS

Expte: 2936/335. CONTRATACIÓN DOS GRUPOS DE ANIMACIÓN GLOBOS DE ÉPOCA E CIRCO 1800 PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1468
Adjudicatario: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA
Importe: 10.648,80 EUROS

Expte: 2937/335. CONTRATACIÓN DOS GRUPOS DE ANIMACIÓN EXÉRCITOS DE ÉPOCA, SÉQUITO DO CARTEIRO E CIRCO PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1467
Adjudicatario: TROULA ANIMACIÓN S.L.
Importe: 14.430,40 EUROS

Expte: 2938/335. CONTRATACIÓN DE GRUPO DE GAITAS E BAILE PARA A COMITIVA DO REI MELCHOR DURANTE A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1466
Adjudicatario: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO
Importe: 1.972,00 EUROS

Expte: 2939/335. CONTRATACIÓN DE GRUPO DE MÚSICA CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1465
Adjudicatario: TROBEIRO S.L.
Importe: 1.450,00 EUROS

Expte: 2940/335. CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULO TEATRAL CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1464
Adjudicatario: LA FIESTA ESCÉNICA S.L.
Importe: 17.400,00 EUROS

Expte: 2941/335. CONTRATACIÓN DE CAMELOS E GLOBOS CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1463
Adxudicatario: EXCLUSIVAS VARELA VIGO S.L.
Importe: 8.913,58 EUROS

Expte: 2942/335. CONTRATACIÓN DE GRUPO DE TEATRO DA ESCOLA MUNICIPAL PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1462
Adxudicatario: IMAXINERÍA S.L.
Importe: 14.492,00 EUROS

Expte: 2943/335. CONTRATACIÓN DE REPORTAXE FOTOGRÁFICA PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1461
Adxudicatario: A LUBIÁN FOTOGRAFÍA
Importe: 3.364,00 EUROS

Expte: 2944/335. CONTRATACIÓN DE CABALOS E XINETES CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1460
Adxudicatario: BENITO CONRADO PÉREZ MARTÍNEZ
Importe: 4.400,00 EUROS

Expte: 2945/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE E DECORACIÓN DO PALCO DE RECEPCIÓN ÓS REIS MAGOS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1459
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe: 13.079,53 EUROS

Expte: 2947/335. CONTRATACIÓN DE AUTOMÓBILES ANTIGOS CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1471
Adxudicatario: CLUB GALLEGO AUTOMÓVILES ANTIGUOS
Importe: 1.700,00 EUROS

Expte: 2955/335. CONTRATACIÓN DE GRUPO ANIMACIÓN BOLECHAS PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1458
Adxudicatario: LA FIESTA ESCÉNICA S.L.
Importe: 1.392,00 EUROS

Expte: 2965/335. CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ACCIDENTES PARA NENOS QUE PARTICIPAN NO DESFILE DA CABALGATA DE REIS

Decreto concelleiro data: 02/01/2009
Informe Intervención: RC 1478
Adxudicatario: AON GIL Y CARVAJAL – MAPFRE SEGUROS
Importe: 300,01 EUROS

Expte: 2972/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO DÍA DA MUIÑEIRA, MOSTRA DO TRAXE E ENXALZAMENTO DO TRAXE
Decreto concelleiro data: 19/01/2009
Informe Intervención: RCM 4353
Adxudicatario: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO
Importe: 5.220,00 EUROS

Expte: 2973/335. CONTRATACIÓN DA REPOSICIÓN DE CORTINAS PARA O ESCENARIO DO AUDITORIO DE CASTRELOS
Decreto concelleiro data: 21/01/2009
Informe Intervención: RCM 4351
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe: 11.318,70 EUROS

Febreiro

Expte: 2987/335. CONTRATACIÓN DE ALUGUER DE SALA PARA PROYECCIÓN DE PELÍCULAS EN VERSIÓN ORIXINAL DURANTE O PRIMEIRO SEMESTRE
Decreto concelleiro data: 06/02/2009
Informe Intervención: RCM 6156
Adxudicatario: CINE CLUB LUMIÈRE
Importe: 5.000,00 EUROS

Expte: 2997/335. CONTRATACIÓN DE DEZ ACTUACIÓNS DO GRUPO DE BAILE E GAITAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA
Decreto concelleiro data: 12/02/2009
Informe Intervención: RCM 6493
Adxudicatario: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO
Importe: 7.793,30 EUROS

Marzo

Expte: 3086/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO DE PROGRAMAS DE BANDAS E CORAIS
Decreto concelleiro data: 25/03/2009
Informe Intervención: RCM 16665
Adxudicatario: GRÁFICAS PLANETA S.L.
Importe: 2.612,32 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(695).- PROPOSTA DE ADMISIÓN DE XUSTIFICACIÓNS DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS-ANO 2008 PRESENTADAS FÓRA DO PRAZO ESTIPULADO. EXPTE. 3131/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Animación Sociocultural, do 11.05.09, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con data 13 de marzo de 2008 aprobouse pola Xunta de Goberno Local as bases e convocatoria de subvencións para actividades de Animación Sociocultural ano 2008. Expte. 2550/335, que foi publicada no BOP con data 2 de abril de 2008.

Con data 17 de novembro de 2008 aprobouse a resolución da convocatoria. Expte. 2550/335 (achégase copia do acordo de Xunta de Goberno Local) que no punto 6 acordou ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas ata o 1 de marzo de 2009.

As seis entidades relacionadas a continuación presentaron a xustificación fora do prazo estipulado na resolución (1 de marzo de 2009) alegando motivos diversos (cambios da xunta directiva, enfermidade ou extravío de documentación) e que están expostos nos respectivos escritos adxuntos aos expedientes:

Nº DE EXPTE.	ENTIDADE	CIF	IMPORTE CONCEDIDO	MOTIVACIÓN
3120/335	ASOC. FOLCLÓRICA ANDARELA	G-36698686	1.445,14 €	Cambio da xunta directiva
3121/335	AGRUP. CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS	G-36791291	1.189,96 €	Cambio da xunta directiva
3122/335	ASOC. DE VECINOS DE SAN JUAN POULO	G-36641355	2.370,89 €	Baixa laboral da persoa que tramita as subvencións.
3123/335	CLUB MONTAÑEROS CELTAS	G-36637890	700 €	Enfermidade da persoa que tramita as subvencións.
3125/335	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	G-36612752	772,23	Extravío da comunicación.
3124/335	AGRUP. CULTURAL GALICIA SOCIAL	G-36828481	460,63 €	Extravío da documentación necesaria para xustificar a subvención.

Por todo o antedito, coa conformidade do Xefe de Animación Sociocultural e o concelleiro de Cultura e Animación sociocultural faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“1.- Admitir fora do prazo estipulado no punto sexto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de novembro de 2008 (expte:2550/335) as xustificacións de subvencións que se detallan a continuación, atendendo ás diversas motivacións expostas polas entidades nos respectivos escritos adxuntos aos expedientes:

Nº DE EXPTE.	ENTIDADE	CIF	IMPORTE CONCEDIDO	MOTIVACIÓN
3120/335	ASOC. FOLCLÓRICA ANDARELA	G-36698686	1.445,14 €	Cambio da xunta directiva
3121/335	AGRUP. CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS	G-36791291	1.189,96 €	Cambio da xunta directiva

3122/335	ASOC. DE VECINOS DE SAN JUAN POULO	G-36641355	2.370,89 €	Baixa da persoa que tramita as subvencións.
3123/335	CLUB MONTAÑEROS CELTAS	G-36637890	700 €	Enfermidade da persoa que tramita as subvencións.
3125/335	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	G-36612752	772,23	Extravío da comunicación.
3124/335	AGRUP. CULTURAL GALICIA SOCIAL	G-36828481	460,63 €	Extravío da documentación necesaria para xustificar a subvención.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(696).- RATIFICACIÓN DO TEXTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIAS, ANO 2009. EXPTE. 41503/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 20.04.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ratificar o texto do convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo para o desenvolvemento de programas de tratamento de drogodependencias, ano 2009, que de seguido se transcribe e o anexo obrante no expediente.

2º.- Convalidar todas as actuacións levadas a cabo.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIAS

En Santiago de Compostela, o 27 de marzo de 2009.

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: a Sra. D^a M^a José Rubio Vidal, Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia e Presidenta do Servizo Galego de Saúde actuando en nome e representación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, e pola lei 12/2007, do 27 de xullo e de conformidade co establecido no Decreto 45/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, no Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, así coma na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

E DOUTRA: Dna. María Xosé Méndez Piñeiro, con D.N.I. núm 35.252.900-H, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo, con CIF nº P3605700H, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social e en uso das facultades atribuídas por resolución do 5 de xullo de 2007.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias en coordinación coa Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas (PNsD) integrará medidas conducentes a reducir a demanda do consumo de drogas, así como outras medidas encamiñadas ao tratamento, prevención e incorporación social dos problemas derivados do devandito consumo.

SEGUNDO: Que o Servizo Galego de Saúde, a través da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias ocúpase da xestión, planificación e coordinación das medidas e accións contidas no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, contando coa asesoría dos órganos colexiados en materia de drogodependencias previstos no Decreto 341/1998, do 12 de novembro, modificado polo Decreto 223/2002, de 13 de xuño e polo Decreto 107/2006, do 15 de xuño.

TERCEIRO: Que dada a especificidade técnica que requiren os programas de tratamento de drogodependencias así como a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de tratamento do Plan de Galicia sobre Drogas, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

CUARTO: Que todas as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas para os efectos do desenvolvemento das medidas e accións no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, co fin de reducir, na medida do posible, a problemática ocasionada polo consumo de drogas na Comunidade Autónoma Galega.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público que constitúen o seu obxecto, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto do presente convenio a cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo para a prestación de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, atendendo á planificación e criterios do Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009 e especialmente aos principios de anonimato, voluntariedade e gratuidade da asistencia.

SEGUNDA.- A prestación dos mencionados servizos levarase a cabo na Unidade Asistencial de Drogodependencias.

Estes recursos contan coa debida autorización segundo o establecido na Orde do 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitario-asistenciais de tratamento de drogodependencias, no Decreto 77/2001, do 29 de marzo, sobre centros, servizos e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 29 de marzo de 2001 pola que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

TERCEIRA.-O Concello de Vigo comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, esixe aos beneficiarios e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Someterse ás directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas pola Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.*
- b) Aceptar e colaborar coas medidas que a Xunta de Galicia considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.*

- c) *Os membros do equipo técnico participarán, por petición da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, nos traballos de elaboración, desenvolvemento, avaliación e seguimento das medidas e accións contidas no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009 que o dito órgano coide oportuno para o mellor desenvolvemento dos ditos instrumentos.*
- d) *Coordinarse con outros centros e servizos incluídos dentro da rede do Plan de Galicia sobre Drogas co fin de asegurar o principio de continuidade terapéutica do plan.*
- e) *Levar actualizado o Sistema de Avaliación Asistencial (SAA), notificando coa periodicidade establecida nel os distintos instrumentos que o compoñen.*
- f) *Manter identificado o dispositivo cunha placa, segundo o modelo que figura no anexo deste convenio.*
- g) *Incluír en todo o material impreso que utilicen a imaxe corporativa da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde-Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.*
- h) *Comunicar calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.*
- i) *Atender debidamente e, en todo caso, de acordo co código deontolóxico profesional respectivo, toda demanda, excepto urxencias- se non se dispón dos medios necesarios- que por casos de drogodependencias se produzan na área sanitaria correspondente.*
- k) *Colaborar na adopción de calquera outra medida adoptada polos órganos colexiados en materia de drogodependencias previstos no Decreto 341/1998, do 12 de novembro, modificado polos Decretos 223/2002, de 13 de xuño e 107/2006, do 15 de xuño e pola Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.*

CUARTA.- O funcionamento, en canto a programas de asistencia, formación, investigación ou de calquera outra área de intervención levado a cabo en materia de drogodependencias polos distintos centros deberá estar coordinado dentro do Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009. Se os centros poñen en marcha outros programas, ademais dos establecidos no dito plan, deberán ser postos en coñecemento da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias. Para tal efecto presentarán un proxecto que constará, polo menos, dos seguintes apartados:

- *Denominación.*
- *Poboación á que se dirixe.*
- *Obxectivos que se pretenden acadar.*
- *Actividades que se pretenden realizar.*
- *Recursos materiais e humanos precisos para levalo a cabo.*
- *Avaliación dos obxectivos e metodoloxía dela.*

QUINTA.- A Consellería de Sanidade comprométese a aboar a cantidade de 646.357,00€ (seiscientos corenta e seis mil trescentos cincuenta e sete euros), que se satisfarán con cargo á aplicación orzamentaria 13.01.413A.460.12 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009.

A contía indicada, de conformidade co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, farase efectiva do seguinte xeito:

Como pago anticipado, logo da sinatura do convenio, poderá efectuarse un pagamento do 10% do importe previa presentación por parte do concello dunha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante o período.

Posteriormente, e a medida que se xustifiquen os gastos das actividades obxecto desta subvención, mediante a presentación de certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da

toma de razón en contabilidade, poderán levarse a cabo pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva polo importe dos gastos xustificadas.

O importe total dos pagamentos non poderá superar o 80% do total da subvención. O pagamento do 20% restante da subvención non se levará a cabo ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

SEXTA.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e no artigo 48 e concordante do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, no seu caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 31 de decembro de 2009.

A presentación da documentación xustificativa dos gastos é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

SÉTIMA.- De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos da xustificación desta subvención consideraranse os gastos realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2009 que respondan á natureza da actividade subvencionada. A tales efectos:

- *Poderán xustificarse custos indirectos sempre que sexan imputados á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda.*
- *Poderán xustificarse gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistras e gastos xudiciais si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a preparación ou execución da mesma. Non obstante en ningún caso terían a consideración de gastos subvencionables os intereses bebedores de contas bancarias, así como os intereses, recargas ou sancións administrativas ou os gastos de procedementos xudiciais.*
- *Os tributos consideraranse gastos subvencionables cando o beneficiario desta axuda os abone efectivamente e sempre que, no caso dos impostos indirectos, non sexan pola súa parte susceptibles de recuperación ou compensación.*
- *Os gastos de amortización calculados de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas consideraranse subvencionables sempre que se refiran ao período indicado e que os bens obxecto de amortización non fosen adquiridos mediante subvencións da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde.*

OITAVA.- Para o desenvolvemento e control daquelas accións, que con motivo do presente convenio poidan levarse a cabo, constituirase unha comisión paritaria de seguimento, co fin de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

Polo Servizo Galego de Saúde: o xefe da Área de Asistencia, Formación e Investigación da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.

Polo concello: o director da Unidade Asistencial de Drogodependencias.

A comisión de seguimento reunirse cando as partes asinantes do convenio o consideren oportuno.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen a comisión, a Conselleira de Sanidade resolverá as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- A falta de xustificación dos gastos nos termos establecidos no presente convenio, a falsidade dos datos achegados para este fin ou unha aplicación distinta á sinalada na solicitude dará lugar ao reintegro do importe percibido e dos xuros de demora. De igual modo procederá o seu reintegro cando os centros non cumpran os compromisos contraídos en virtude da sinatura do presente convenio.

DÉCIMA.- En ningún caso existirá relación laboral entre o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e os profesionais que lle prestan os seus servizos ao concello.

DÉCIMO PRIMEIRA.-O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas ou no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no resto da normativa vixente en materia de subvencións que resulte aplicable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O prazo de vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2009.

Así mesmo establécese a posibilidade de asinar unha addenda ao dito convenio de ser necesario e sempre que exista crédito orzamentario suficiente no exercicio correspondente.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Concello de Vigo cumpre cos requisitos como beneficiario ou entidade colaboradora segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, autorízase expresamente por parte do Concello de Vigo á inclusión e publicación dos datos relevantes das axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas nos rexistros e medios de publicidade que foran establecidos na normativa aplicable, e, expresamente, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios creado polo artigo 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e regulado polo Decreto 132/2006, de 27 de xullo, no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 126/2006, de 20 de xullo, así como a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Sanidade, de acordo co previsto na Lei 4/2006, de 30 de xullo, de transparencia e boas prácticas da administración pública galega.

DÉCIMO QUINTA.- Sen prexuízo das causas de reintegro de gastos previstas no Título II da Lei 9/2007, son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- A aplicación dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión.
- O mutuo acordo entre ambas partes.
- A introdución de modificacións nas directrices dos programas sen contar coa previa autorización escrita da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.
- A denuncia previa de algunha das partes asonantes sempre que o notifique á outra con dous meses de antelación á data de finalización de vixencia do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, nos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano en triplicado exemplar no lugar e data antes indicados.

6(697).- RATIFICACIÓN DE DOUS CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VIGO PARA A IMPLANTACIÓN E MELLORA DA CALIDADE ASISTENCIAL NA REDE DO PGD CO DESENVOLVEMENTO DO MODELO DE EXCELENCIA EUROPEO EFQM. EXPTE. 41504/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 20.04.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ratificar o texto do convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e Concello de Vigo, asinado 04 de decembro de 2008, para a implantación e mellora da calidade asistencial na rede do PGD co desenvolvemento do modelo de excelencia europeo EFQM.

2º.- Ratificar o texto do convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e Concello de Vigo, asinado o 8 de abril de 2009, para o mantemento do modelo de excelencia europeo EFQM.

3º.- Convalidar todas as accións levadas a cabo.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VIGO PARA A IMPLANTACIÓN E MELLORA DA CALIDADE ASISTENCIAL NA REDE DO PGD CO DESENVOLVEMENTO DO MODELO DE EXCELENCIA EUROPEO EFQM (European Foundation Quality Management).

Santiago de Compostela, 4 de decembro de dous mil oito.

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: a Sra. D^a M^a José Rubio Vidal, Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia e Presidenta do Servizo Galego de Saúde actuando en nome e representación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, e pola lei 12/2007, do 27 de xullo e de conformidade co establecido no Decreto 45/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, no Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, así coma na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

E DOUTRA: D^a María Xosé Méndez Piñeiro, con D.N.I. núm. 35.252.900-H, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo con CIF n^o P3605700H en virtude da súa condición de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social e en uso das facultades que ten atribuídas por resolución do 5 de xullo de 2007.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias en coordinación coa Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas (PNsD) integrará medidas conducentes a reducir a demanda do consumo de drogas, así como outras medidas encaminadas ao tratamento, prevención e incorporación social dos problemas derivados do devandito consumo.

SEGUNDO: Que o Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias é o órgano administrativo da Comunidade Autónoma Galega que se ocupa da xestión, planificación e coordinación das medidas e accións contidas no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, contando coa asesoría dos órganos colexiados en materia de drogodependencias establecidos no Decreto 341/1998, do 12 de novembro, modificado polo Decreto 223/2002, de 13 de xuño e polo Decreto 107/2006, do 15 de xuño.

TERCEIRO: Que o Concello de Vigo desenvolve programas de tratamento de drogodependencias, a calidade asistencial dos cales é cada vez máis un motivo de preocupación e de estudo por parte das distintas administracións sanitarias.

CUARTO: Que dada a especificidade técnica que requiren os programas de tratamento de drogodependencias, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 11 da Lei 4/ 2006 de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

QUINTO: Que todas as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas para os efectos do desenvolvemento das medidas e accións contidas no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009 co fin de reducir, na medida do posible, a problemática ocasionada polo consumo de drogas na Comunidade Autónoma Galega. Por todo isto, dadas as razóns de interese público que constitúen o seu obxecto, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto do presente convenio a cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo para a implantación do Plan de Mellora da Calidade Asistencial-FASE I na rede do Plan de Galicia sobre Drogas co desenvolvemento do modelo de excelencia europea EFQM(European Foundation Quality Manegement).

SEGUNDA.- A implantación dese Plan de Mellora levarase a cabo na Unidade Asistencial de Drogodependencias e na Unidade de Día, recursos que contan coa debida autorización sanitaria.

TERCEIRA.- O Concello comprométese a cumprir coas obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- A Consellería de Sanidade comprométese a aboar a cantidade de 37.018,00€ (trinta e sete mil dezaoto euros), que se satisfarán con cargo á aplicación orzamentaria 13.01.413A.460.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2008.

A contía indicada farase efectiva dunha soa vez cando se xustifique o gasto executado.

QUINTA.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto no artigo 28 e seguintes da Lei 9/2007.

A data tope de presentación da documentación xustificativa da contía concedida é o 31 de decembro de 2008.

En calquera caso, para poder efectuar o pago, deberanse acreditar os gastos mediante informe da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade.

SEXTA.- De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos da xustificación desta subvención consideraranse os gastos realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2008 que respondan á natureza da actividade subvencionada, de acordo co establecido no artigo 29 da citada lei.

SÉTIMA.- Para o desenvolvemento e control daquelas accións, que con motivo do presente convenio poidan levarse a cabo, constituirase unha comisión paritaria de seguimento, co fin de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

Polo Servizo Galego de Saúde: o xefe da Área de Asistencia, Formación e Investigación da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.

Polo Concello: o director da Unidade Asistencial de Drogodependencias

A comisión de seguimento reunirse cando as partes asinantes do convenio o consideren oportuno. No suposto de desacordo entre as partes que componen a comisión, a Conselleira de Sanidade resolverá as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- A falta de xustificación dos gastos nos termos establecidos no presente convenio, a falsidade dos datos achegados para este fin ou unha aplicación distinta á sinalada na solicitude dará lugar ao reintegro do importe percibido e dos xuros de demora. De igual modo procederá o seu reintegro cando os centros non cumpran os compromisos contraídos en virtude da sinatura do presente convenio.

NOVENA.- En ningún caso existirá relación laboral entre o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e os profesionais que lle prestan os seus servizos ao Concello.

DÉCIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas ou no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no resto da normativa vixente en materia de subvencións que resulte aplicable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O prazo de vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2008.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Vigo cumpre eos requisitos como beneficiario ou ritidade colaboradora segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, autorízase expresamente por parte do Concello de Vigo a inclusión e publicación dos datos relevantes das axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas nos rexistros e medios de publicidade que foran establecidos na normativa aplicable, e, expresamente, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios creado polo artigo 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e regulado polo Decreto 132/2006, de 27 de xullo, no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 126/2006, de 20 de xullo, así como a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Sanidade, de acordo co previsto na Lei 4/2006, de 30 de xullo, de transparencia e boas prácticas da administración pública galega.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das causas de reintegro de gastos previstas no Título II da Lei 9/2007, son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.*
- b) A aplicación dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión.*
- c) O mutuo acordó entre ambas partes.*
- d) A denuncia previa dalgunha das partes asinantes sempre que o notifique á outra con dous meses de antelación á data de finalización de vixencia do convenio..*

DÉCIMO QUINTA.- As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, nos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano en triplicado exemplar no lugar e data antes indicados.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DO MODELO DE EXCELENCIA EUROPEO EFQM.

En Santiago de Compostela, o 8 de abril de dous mil nove.

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: a Sra. D^a M^a José Rubio Vidal, Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia e Presidenta do Servizo Galego de Saúde actuando en nome e representación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, e pola lei 12/2007, do 27 de xullo e de conformidade co establecido no Decreto 45/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, no Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas

prácticas na administración pública galega, así coma na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

E DOUTRA: Dna. María Xosé Méndez Piñeiro, con D.N.I. núm 35.252.900-H, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo con CIF nº P3605700H, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social e en uso das facultades atribuídas por resolución do 5 de xullo do 2007.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias en coordinación coa Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas (PNsD) integrará medidas conducentes a reducir a demanda do consumo de drogas, así como outras medidas encamiñadas ao tratamento, prevención e incorporación social dos problemas derivados do devandito consumo.

SEGUNDO: Que o Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias é o órgano administrativo da Comunidade Autónoma Galega que se ocupa da xestión, planificación e coordinación das medidas e accións contidas no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, contando coa asesoría dos órganos colexiados en materia de drogodependencias establecidos no Decreto 341/1998, do 12 de novembro, modificado polo Decreto 223/2002, de 13 de xuño e polo Decreto 107/2006, do 15 de xuño.

TERCEIRO: Que o Concello de Vigo desenvolve programas de tratamento de drogodependencias, a calidade asistencial dos cales é cada vez máis un motivo de preocupación e de estudo por parte das distintas administracións sanitarias.

CUARTO: Que dada a especificidade técnica que requiren os programas de tratamento de drogodependencias, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de

subvencións de Galicia e no artigo 11 da Lei 4/ 2006 de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

QUINTO: Que todas as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas para os efectos do desenvolvemento das medidas e accións contidas no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009 co fin de reducir, na medida do posible, a problemática ocasionada polo consumo de drogas na Comunidade Autónoma Galega.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público que constitúen o seu obxecto, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto do presente convenio a cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo para o mantemento do Plan de Mellora da Calidade Asistencial-FASE II na rede do Plan de Galicia sobre Drogas co desenvolvemento do modelo de excelencia europeo EFQM.

SEGUNDA.- O mantemento do Plan de Mellora levarase a cabo na Unidade Asistencial de Drogodependencias, recurso que conta coa debida autorización sanitaria.

TERCEIRA.- O Concello comprométese a cumprir coas obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- A Consellería de Sanidade comprométese a aboar a cantidade de 49.000,00€ (corenta e nove mil euros), que se satisfarán con cargo á aplicación orzamentaria 13.01.413A.460.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2009.

A contía indicada farase efectiva dunha soa vez cando se xustifique o gasto executado.

QUINTA.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e no artigo 48 e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A data tope de presentación da documentación xustificativa da contía concedida é o 31 de decembro de 2009.

En calquera caso, para poder efectuar o pago, deberanse acreditar os gastos mediante informe da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade.

SEXTA.- De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos da xustificación desta subvención consideraranse os gastos realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2009 que respondan á natureza da actividade subvencionada, de acordo co establecido no artigo 29 da citada lei.

SÉTIMA.- Para o desenvolvemento e control daquelas accións, que con motivo do presente convenio poidan levarse a cabo, constituirase unha comisión paritaria de seguimento, co fin de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

Polo Servizo Galego de Saúde: o xefe da Área de Asistencia, Formación e Investigación da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.

Polo concello: o director da Unidade Asistencial de Drogodependencias

A comisión de seguimento reunirse cando as partes asinantes do convenio o consideren oportuno.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen a comisión, a Conselleira de Sanidade resolverá as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- A falta de xustificación dos gastos nos termos establecidos no presente convenio, a falsidade dos datos achegados para este fin ou unha aplicación distinta á sinalada na solicitude

dará lugar ao reintegro do importe percibido e dos xuros de demora. De igual modo procederá o seu reintegro cando os centros non cumpran os compromisos contraídos en virtude da sinatura do presente convenio.

NOVENA.- En ningún caso existirá relación laboral entre o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e os profesionais que lle prestan os seus servizos ao concello.

DÉCIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas ou no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no resto da normativa vixente en materia de subvencións que resulte aplicable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O prazo de vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2009.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Vigo cumpre cos requisitos como beneficiario ou entidade colaboradora segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, autorízase expresamente por parte do Concello de Vigo á inclusión e publicación dos datos relevantes das axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas nos rexistros e medios de publicidade que foran establecidos na normativa aplicable, e, expresamente, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios creado polo artigo 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e regulado polo Decreto 132/2006, de 27 de xullo, no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 126/2006, de 20 de xullo, así como a súa publicación no Diario Oficial de

Galicia e na páxina web da Consellería de Sanidade, de acordo co previsto na Lei 4/2006, de 30 de xullo, de transparencia e boas prácticas da administración pública galega.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das causas de reintegro de gastos previstas no Título II da Lei 9/2007, son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.*
- A aplicación dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión.*
- O mutuo acordo entre ambas partes.*
- A denuncia previa dalgunha das partes asinantes sempre que o notifique á outra con dous meses de antelación á data de finalización de vixencia do convenio..*

DÉCIMO QUINTA.- As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, nos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano en triplicado exemplar no lugar e data antes indicados.

7(698).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A SEROMAR S.A. POR “OBRAS DE REFORMA EN LOCAL DA FEDERACIÓN DE PEÑAS EL OLIVO”. EXPTE. 2619/241.

Este expediente repetiuse por erro na orde do día. O acordo está incluído no punto 10 desta mesma acta.

8(699).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA HIPOTECA DE DEREITOS QUE A ASOCIACIÓN ALENTO TEN SOBRE A PARCELA S-4-2 SITA NA 3ª FASE DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 18595/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 11.05.09, conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, del patrimonio das administracións públicas (LPAP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a utilización privativa de dous parcelas situadas na terceira fase do plan parcial de Navia para destinalas á implantación de servizos de atención a persoas con patoloxías neurolóxicas.*

ANTECEDENTES

Dna. Gracinda Pampillón Campos, en representación de Alento-Asociación de Dano Cerebral de Vigo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de marzo de 2009, solicita autorización do órgano de contratación para hipotecar os dereitos que dita asociación ten sobre a parcela S-4-2 sita na terceira fase do Plan Parcial de Navia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 08 de maio de 2007, acordou a adxudicar a Alento-Asociación de Dano Cerebral de Vigo a utilización privativa da parcela S-4-2 sita na terceira fase do Plan Parcial de Navia, para destinala a ampliación do servizo de atención de persoas con patoloxías neurolóxicas, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado polo

acordo da Xunta de Goberno Local de data 05-02-07 e a oferta presentada. O contrato formalizouse con dita sociedade o 08-06-2007.

Segundo.- De acordo co disposto no artigo 2-1 do prego de condicións que rexeu a contratación é de aplicación para este contrato (denominado contrato administrativo especial) o disposto para as concesións administrativas na Lei 33/03 de 3 de novembro de patrimonio das Administracións Públicas e os artigos 74 e seguintes do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, de aprobación do regulamento de bens das Corporacións locais.

A titularidade dunha concesión administrativa outorga o concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional (artigo 97 LPAP). A lexislación patrimonial das administracións públicas permite a hipoteca deste dereito real, se ben con suxeición ós seguintes requisitos: 1º.- So poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada; 2º.- Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión; 3º.- As hipotecas se extinguirán á extinción do prazo concesional (artigo 98.2 LPAP). Nesta liña, o PCAP (artigo 3) consigna que os adxudicatarios previa autorización municipal poderán hipotecar os dereitos que ostenten sobre a parcela co obxecto de financiar a construción das instalacións. Á vista da lexislación aplicable podemos concluír que non existe inconveniente para acceder ó solicitado, condicionándoo o cumprimento dos requisitos legais.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

A visata das anteriores circunstancias, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar á Alento-Asociación de Dano Cerebral de Vigo a constitución dunha hipoteca sobre os dereitos que ostentan sobre o uso privativo da parcela S-4-2 sita na terceira fase do Plan Parcial de Navia da que é titular, e co obxecto de financiar a construción das instalacións condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os dereitos so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.
- A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo contractual.

2º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia da escritura pública de constitución da hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da devandita escritura pública.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(700).- CONDICIÓNS PARA ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS, RESTOS E CHATARRA DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS. EXPTE. 75939/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 14.05.09, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Allear para chatarra dous lotes de 48 e 61 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relacións adxuntas), así como restos de diversos vehículos (que se visualizan en foto unida ó expediente, e cun peso aproximado de 50 toneladas), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumpri-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

2º.- Allear para chatarra a seguinte depositada no Parque Central de Servizos:

- Vehículo Land Rover (2.580 kgs.), Autobús (12.600 kgs.), Furgón (1.600 kgs.), Turismo (1.200 kgs.) e Motos (700 kgs.)
- Chatarra diversa de ferro, (25.000 kgs. aprox.)
- Retais de cable illado (1.500 kgs. nos que está incluído o illamento. A pesaxe efectuarase co cable no seu estado actual, polo que a retirada do illamento e outros procesos será a cargo do adxudicatario)
- Idem. Cable de aluminio, cun peso estimado de 1.000 kgs.

Os ofertantes aportarán prezos para a retirada de cada unha destas partidas, tendo en conta que serán ó seu cargo os custos de seccionamento, carga, temas administrativos, etc.

A pesaxe efectuarase no Parque Central utilizando a báscula das instalacións.

A retirada das chatarras realizarase entre as 9.00 e as 14.00 horas, agás que se autorice polo Parque Central un horario diferente por razóns xustificadas.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

10(701).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda devolver as fianzas que de seguido se especifican xa que as obras e servizos foron recibidos por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

A) Devolver a SEROMAR S.A. a fianza por importe de 3.845 € constituída para responder das obras de reforma en local da Federación de Peñas El Olivo. Expte. 2619/241.

B) Devolver a COVSA S.A. a fianza por importe de 1.697,89 € constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na rúa Cesáreo Vázquez. Expte.. 794/443.

C) Devolver a OCÉ ESPAÑA S.A. a fianza por importe de 4.312,86 € constituída para responder do aluguer de fotocopiadoras. Expte. 2644/241.

D) Devolver a HORMIGONES VALLE MIÑOR S.L. a fianza de 9.600 € constituída para responder da subministración de formigón. Expte. 2635/241.

11(702).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO MES DE ABRIL. EXPTE. 11614/331.

Mediante escrito de data 13.05.09 o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de marzo e que son os que de seguido se relacionan:

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTIDA	TIPO EXP.	NºRC	IMPORTE	PERCEPTOR	CIF/NIF
11576-331	Obras de adaptación do espazo para o gabinete de Ramón Puiñeiro, dentro da Casa Galega da Cultura	23/04/09	2270600	Obras		10344,37	C. Aldasa S.L.U.	B15760150
11564-331	Adquisición de 170 exemplares do cd titulado "Cancer de Tempo" do cantautor Javier González Méndez	20/04/09	2200100	Subministro	21618	1999,61	Pai Edicións SL	B36976256
11565-331	Megafonía para a actuación da orquestra "Castro Navás" da Fundación Menela, dentro do II Festival de Música de Cámara de Vigo, que terá lugar o día 21 de abril de 2009	17/04/09	2260803	Servizos	21620	1500,00	Casimiro Cendón Millara	34594593
11545-331	Dirección de obra para a execución dos traballos de obras de adaptación de locais para biblioteca na rúa Martínez Garrido	03/04/09	6220003	Servizos	18278	14.982,01	José Carlos Rodríguez Otero	36068979B
					18279	9.224,51	Manuel Cuquejo González	36028509K

					18280	2.352,25	Juan Francisco Castro Pérez	76901293B
11547-331	Execución do prxecto de elaboración de estudo histórico sobre a parroquia de Saiáns	07/04/09	2270600	Servizos	19732	3.000,00	Loreto Vázquez Pérez	36142490Z

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

12(703).- SUBVENCIÓN A SINSALAUDIO S.L. E PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L. RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINAL 7. EXPTE.11520/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da programación, do 10.02.09, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 22.000,00 € (vinte e dous mil euros) a SINSALAUDIO S.L., CIF: B-36898369, para o financiamento do Festival SINSAL 7 organizado por esta entidade, con cargo á partida 4510.470.00.02 “Convenio SINSALAUDIO Festival SINSAL”, que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

2º.- A subvención que outorga o Concello de Vigo a SINSALAUDIO S.L. para o desenvolvemento do Festival SINSAL 7, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa a SINSALAUDIO S.L. axústase ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do concello de Vigo de 2009, como polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo o desenvolvemento do Festival SINSAL, promovido por SINSALAUDIO S.L. Ademáis, ao ser o único festival destas características a nivel tanto local como rexional, que vai incrementando o ámbito territorial tanto dos artistas como dos participantes, a proxección exterior da actividade cultural viguesa a España e Portugal, e a complementariedade da programación cultural do Concello, son elementos que confiren un carácter singular á concesión da subvención, polo que non procede a concurrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art.26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

3º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSALAUDIO S.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival SINSAL 7”.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL 7

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil nove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Luis Campos Alonso, na súa calidade de administrador solidario da sociedade SINSALAUDIO S.L., CIF: B-36898369, e con enderezo na rúa Menéndez Pelayo nº34, 1º izda., 36211 da cidade de Vigo, que no sucesivo se denominará SINSALAUDIO.

MANIFESTAN

- *O Festival SINSAL é un proxecto de SINSALAUDIO que se ven celebrando dende o ano 2003 con programación de carácter didáctico, e que da a coñecer músicas menos frecuentes nos circuitos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional.*
- *A programación xira en torno ás catro estacións do ano que consisten en cada unha delas nun concerto principal e salóns e que se veñen desenvolvendo no Centro Cultural Caixanova, o Museo de Arte Contemporánea, MARCO, no Auditorio Vidal Bolaño da Universidade de Vigo.*
- *O Festival SINSAL é obxecto de reclamo de novos públicos para a música en directo. Lonxe dos eventos multitudinarios nos que prima máis a cantidade que a calidade, o público do SINSAL busca e escolle aos seus artistas tendo en conta non só á oferta musical, senón tamén outorgando factores optimizadores dos concertos coma o son ou a propia sala de actuacións.*
- *De acordo coas escrituras de constitución da sociedade SINSALAUDIO S.L. no artigo 3º dos seus estatutos, SINSALAUDIO S.L. é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais. Na acta notarial de modificación dos estatutos de data 28 de febreiro de 2008 se establece como obxecto social da sociedade:*
 - *A produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos, culturais ou recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos.*
 - *A edición e venda de discos e material fonográfico.*

- *A venda, aluguer, promoción, contratación, difusión e intercambio de material fonográfico, fílmico, videográfico, fotográfico, técnico e tecnolóxico.*
- *A presentación de servizos profesionais de consultoría, contabilidade, xestión, representación e desenvolvemento de actividades que permitan fomentar actividades industriais, culturais e turísticas.*
- *O deseño gráfico, audiovisual, páxinas web e prestación de todo tipo de servizos relacionados coa publicidade.*
- *Os servizos de gabinete de prensa.*
- *A produción, organización, xestión e administración de eventos.*
- *O Festival SINSAL, é un elemento salientable da programación que contribúe ao cumprimento dos seus fins enmarcada dentro da súa influencia a nivel nacional e internacional.*
- *A concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interese público e social do Festival SINSAL, promovido por SINSALAUDIO, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.*
- *D. Xesús López Carreira, actúa na súa calidade de concelleiro-delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre competencias delegadas e D. Luis Campos Alonso actúa na súa calidade de Administrador Solidario segundo consta en acta notarial de 6 de marzo de 2008, e actúa en virtude dos poderes de representación da Sociedade e de relación coas Administracións que lle outorgan os Estatutos Mercantís de SINSALAUDIO.*
- *A subvención que outorga O CONCELLO a SINSALAUDIO para o desenvolvemento do Festival SINSAL 7 axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.*
- *SINSALAUDIO reúne a condición de beneficiario da subvención e de acordo cos requisitos establecidos no art.10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e declarando non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.*

En consideración ao antes exposto, O CONCELLO e SINSALAUDIO establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a SINSALAUDIO pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao Festival SINSAL 7.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 68.812,00 € (sesenta e oito mil oitocentos doce euros), estes gastos son estimativos, xa que de momento está pechada a programación do primeiro semestre por un importe total de 34.380,00 €. En todo caso, e ao ser os gas-

tos estimados do segundo semestre unha extrapolación dos datos do primeiro, éstos non poderán ser inferiores a 34.000,00 €. Os ingresos previstos por SINSALAUDIO S.L. proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (22.000,00 €, 32,03 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e de recursos propios de SINSALAUDIO (46.680,00 €, 67,97 %).

SINSALAUDIO S.L. comprométese a dar cumprida información ao departamento de Cultura sobre calquera modificación do orzamento de gastos e ingresos, así como do peche do programa definitivo en canto esto se produza.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O Festival SINSAL 7 realizarase ao longo do ano 2009, estruturado en bloques segundo as catro estacións, e ten lugar nos seguintes espazos: Centro Cultural Caixanova, Museo de Arte Contemporánea de Vigo MARCO, Auditorio Vidal Bolaño da Universidade de Vigo e Museo do Mar.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE SINSALAUDIO.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades.
2. Responsabilizarse da organización integral do Festival SINSAL 7, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, etc.
3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao Festival SINSAL 7.
4. Comunicar as incorporacións ao programa que se vaian pechando ao longo do ano en canto se teña constancia e remitir toda a información co obxecto de difundila nos soportes municipais pertinentes.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima.
6. SINSALAUDIO comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
7. A concesión da subvención a SINSALAUDIO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1. Realizar o seguemento do desenvolvemento do Festival SINSAL 7 e colaborar na súa viabilidade.

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a SINSALAUDIO S.L. é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do Festival SINSAL 7; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

SINSALAUDIO adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do Festival SINSAL 7; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre SINSAL, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

SINSALAUDIO asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do Festival SINSAL. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias SINSALAUDIO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, SINSALAUDIO entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

SINSALAUDIO comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

SINSALAUDIO tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SINSALAUDIO facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa do Festival SINSAL nos formatos axeitados co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, vigocultura, etc.)

LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a SINSALAUDIO S.L. polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do Festival SINSAL 7, de acordo co seguinte calendario:

- a) Unha primeira achega, por importe de 11.000,00 € trala aprobación pola xunta de Goberno Local, e unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, tras a presentación do programa do primeiro semestre.*
- b) Unha segunda achega no mes de xullo por importe de 5.500,00 €, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, unha vez finalizada a programación do primeiro semestre.*
- c) Unha terceira achega ao final do festival por importe de 5.500,00 €, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en todo caso antes do 30 de novembro.*

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias.*
- Certificación da Consellería de Economía e Facenda, de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.*

- *Certificación da Seguridade Social de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas.*
- *Certificación do Concello de Vigo de estar ao corrente nos pagamentos.*

Para a primeira e segunda achega:

En caso de non ter facturas polo importe subvencionado, consideraranse pagamentos a conta aportando documentación dos compromisos contractuais artísticos con indicación das datas de pagamento por importe equivalente ao importe subvencionado nesta primeira achega. As facturas correspondentes a estes pagamentos á conta se entregarán no momento no que estean en poder de SINSALAUDIO.

Para a terceira achega (liquidación da subvención):

- a) *Memoria-avaliación do Festival SINSAL 7, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- b) *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.*
- c) *Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por SINSALAUDIO para financiar a totalidade do Festival SINSAL: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.*

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao Festival SINSAL 7, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

O Importe das subvencións ou axudas percibidas por SINSALAUDIO para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

SINSALAUDIO comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte de SINSALAUDIO axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

*O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2009 .
Este convenio non é prorrogable.*

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL 7

PRESUPOSTO

GASTOS

CONCEPTO	1º SEMESTRE	ANUAL (Previsión)
CACHES	12.500,00	25.000,00
HOTELES	1.950,00	3.852,00
DIETAS	1.350,00	2.800,00
TRANSPORTES	2.400,00	4.800,00
PRODUCCIÓN TÉCNICA	6.960,00	13.920,00
PERSONAL	1.100,00	2.200,00
PROMOCION	4.640,00	9.280,00
PRODUCCION ARTISTICA	3.480,00	6.960,00
	34.380,00	68.812,00

INGRESOS

ENTIDADES	1º SEMESTRE	ANUAL
CONCELLO DE VIGO	11.000,00	22.000,00
XUNTA DE GALICIA	10.440,00	20.880,00
CAIXANOVA	4.500,00	9.000,00
UNIVERSIDADE DE VIGO	pdte confirmar	pdte confirmar
MARCO	1.500,00	3.000,00
SUPERBOCK	pdte confirmar	pdte confirmar
ENTRADAS (-SGAE)	6.900,00	13.800,00
	34.340,00	68.680,00
SALDO	-40,00	-132,00

MEDIA ESPECTADORES POR ESPACIO

ESPACIO	Nº ESPECTADORES	PRECIO MEDIO	SPECTACU	TOTAL
MARCO	130	8	3	3.120,00
TEATRO CAIXANOVA	500	10	1	5.000,00
AUDITORIO CAIXANOVA	250	8	2	4.000,00
MUSEO DO MAR	120	8	1	960,00
TEATRO VIDAL BOLANO	350	8	1	2.800,00
			8	15.880,00

13(704).- SOLICITUDE DE D^a. RAQUEL GONZÁLEZ S.L. DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A III XIRA GALEGA KARTING” DENDE O 28 DE MAIO AO 7 DE XUÑO DE 2009. EXPTE. 8545/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.05.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Raquel González, S.L a organizar o evento deportivo denominado “III XIRA GALEGA KARTING” dende o 28 de maio ao 7 de xuño de 2009, no aparcadoiro que se atopa o carón do poliderpótico de Samil.

14(705).- PROPOSTA PARA A CREACIÓN DA UNIDADE DE APOIO Á DINAMIZACIÓN EMPRESARIAL. EXPTE. 5943/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 13.05.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

O Plan Municipal de Emprego, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 24 de abril de 2008, é o instrumento marco da política de emprego municipal. Permite ao Concello de Vigo recoller o Acordo

polo Emprego do Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia á vez que dota dun encadre propio e coherente aos distintos programas e medidas que dende este concello se poñen en práctica na loita contra o desemprego e no apoio á xeración e ó desenvolvemento dun novo tecido empresarial máis dinámico, innovador, competitivo e, en definitiva, xerador de emprego e riqueza.

O Plan Municipal de Emprego agrupa distintos programas e servizos entre os que se atopa o Servizo de Asesoramento ó Emprendemento, adicado a apoiar a creación de empresas e a fomentar e difundir a cultura do emprendemento en xeral. Co asesoramento de este servizo nacen novas iniciativas empresariais, fundamentalmente pemes, micropemes, autónomos/as e cooperativas. A actividade do servizo resulta, polo tanto, moi satisfactoria e é intención de esta concellaría fomentar e promover o emprendemento e o establecemento por conta propia no resto de programas que implementa.

Do mesmo xeito a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá quere continuar o desenvolvemento das liñas marcadas no Plan de Emprego Municipal 2008-2011 no ámbito do emprendemento, concretado no Programa Vigo-Emprende. Neste programa xa se fala de actuacións na consolidación de novas empresas, citándose materias como a cooperación empresarial, o fomento das TIC's no colectivo de traballadores/as autónomos/as ou a necesidade de innovar e saber xestionar o crecemento.

Ademais entre os propios obxectivos do Plan Municipal de Emprego existen os adicados ao ámbito do emprendemento:

Potenciar a figura da persoa emprendedora e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.

Facilitar a incorporación ás TIC's do conxunto dos vigueses e das viguesas que acuden aos servizos de emprego do Concello de Vigo.

En coherencia con estes obxectivos, e logo dun ano de funcionamento do Plan Municipal de Emprego que permite avaliar as necesidades de novos servizos e propostas no mercado laboral e económico da cidade, chega o momento de concretar novas iniciativas capaces de impulsar factores como os mencionados sobre as TIC's, a ampliación de mercados ou a cooperación empresarial.

En consonancia co acordo plenario de data 24 de novembro de 2008 no que se insta “a poñer en marcha un plan de medidas urxentes para ós traballadores desempregados, autónomos e pequenas e medianas empresas que son os principais xeradores de emprego na cidade”, con este motivo ademais dos proxectos dirixidos aos desempregados e desempregadas que está a desenvolver a concellaría de Promoción Económica e Emprego no relacionado coa formación cara a inserción (proxecto “Imos Traballar”), a Orientación Laboral e os programas experimentais de emprego “Vigo Labo-rando” e “Vigo Emprega”, ademais das Escolas Obradoiros “Marde Vigo IV” e “Vigo Zoo I”, así como os proxectos de cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo e outros de menor entidade. a concellaría vén de deseñar un novo servizo cara a completar o labor de creación de empresas e apoio aos autónomos e pequenas e medianas empresas.

O obxectivo deste novo servizo “Unidade de Apoio e Dinamización de Empresas” UDAE é o de atender e apoiar ás pemes, micropemes, cooperativas e autónomos/as que xurdan no marco do Plan de Emprego Municipal e calquera outra que amose interese por este servizo. Por unha banda a intención é proporcionar acompañamento a estas entidades nos primeiros anos de existencia tratando de responder ás súas necesidades e, por outra, contar cun servizo proactivo destinado a fomentar, difundir e implicar ás novas empresas na actividade innovadora, na cooperación empresarial e na in-

ternacionalización dos mercados, procurando unha nova sociedade baseada no coñecemento e capaz de actuar globalmente.

PROPOSTA

1. Autorizar a creación da nova Unidade de Dinamización e Apoio Empresarial (UDAE).
2. Adscribir funcionalmente a nova unidade ao servizo de Promoción Económica e Emprego.
3. Ubicar no Enclave Municipal para a Promoción do Emprendemento e a Creación de Empresas (EMPECE) en Cánovas del Castillo 2, 2ª planta, para a prestación dos servizos nos termos definidos no proxecto que se achega.
4. Modificar o Plan Municipal de Emprego aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de abril de 2008, coa finalidade de engadir no apartado 5.2 Programa Vigo-Emprende, unha nova medida denominada:
 - Unidade de Dinamización e Apoio Empresarial (UDAE).
 - Dirixida a apuntalar ás empresas de nova xeración e axudar a aquelas outras pemes e micropemes que podan precisar dos seus servizos para mellorar a súa rendibilidade, para ampliar o seu mercado, para innovar ou para calquera outra actividade capaz de manter ou xerar máis e mellor emprego. Funcionará como eixo de unión entre as pemes e os distintos servizos que ofertan institucións diversas.
 - Do mesmo xeito constituirase como un centro de información, de difusión e de promoción da sociedade do coñecemento no mercado empresarial da cidade, facilitando a participación das pemes e das micropemes en todos os procesos, foros, programas e eventos dirixidos a ampliar e mellorar a presenza e o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación nas actividades produtivas e de servizos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(706).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O “OBRADOIRO VIGO-ORNAMENTAL” CONCEDIDA POLO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO. EXPTE. 5951/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 28.05.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida na resolución do Delegado Provincial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, de data 17 de abril de 2009, en base a Orde de 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións oara os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia., co expediente nº 36/00003/2009, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención polo importe total de 636.228,00 €, para a posta en práctica do Obradoiro “Vigo Ornamental”.

2º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Hector Rodríguez Díaz o nomeamento dos representantes do Concello no grupo mixto Xunta-Concello.

3º.- Encomendar ao servizo de Promoción Económica e Emprego á xestión do Obradoiro “Vigo Ornamental”, conforme ao establecido na orde de 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

16(707).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 252.320,17 € A FAVOR DE VITRASA POLO SERVIZO DE TRANSPORTE PRESTADO Á CIDADE UNIVERSITARIA. EXPTE. 76173/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 15.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 8.05.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por convalidación das actuacións a favor da empresa Viguesa de Transportes S.L. por un importe de 252.320,17 €, polo servizo de transporte prestado a Cidade Universitaria, durante os meses de xaneiro e febreiro do presente ano, de conformidade coa base 28º de execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2009, con cargo a partida 51304700000-”Subvención Lanzadeiras”.

2º.- Recoñecer a debida a favor de “VITRASA” por un importe total de 252.320,17 euros € por los conceptos antes indicados y con cargo a la partida 51304700000-”Subvención Lanzadeiras” do Orzamento Xeral Vixente .

17(708).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DE SIMCO S.L. POLO MANTENIMENTO DOS PARQUES FORESTAIS DE VIGO-ABRIL 2009. EXPTE. 4566/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 4.05.09, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de abril de 2009, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

18(709)(709).- AXUDAS DO FONDO SOCIAL - RECLAMACIÓN ESTUDOS 2008. EXPTE. 18991/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 30.04.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acordo:

Autoriza-lo aboamento, en concepto de axudas por reclamacións estudos 2008, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 4.095,00 € (CATRO MIL NOVENTA E CINCO EUROS), ós empregados municipais que se relacionan:

NOME	DNI	Nº persoal	EUROS
Alvarez Alonso, Manuel	36.038.873	21670	145,00 €
Avendaño Otero, Bienvenido	36.061.946	21456	185,00 €
Bilbao Echegaray, María	36.064.812	21746	250,00 €
Cabeza Pereiro, Isabel	36.114.676	80660	110,00 €
Castiñeira Cortiñas, Álvaro	35.545.767	18342	145,00 €
Borrajo Rodríguez, Adolfo	36.064.052	17176	145,00 €
Comesaña Pérez, Hipólito	36.027.424	17331	145,00 €
Dieguez Raposeiras, José G.	36.108.665	7718	105,00 €
Dominguez Costa, Severino	36.036.556	14812	80,00 €
Fernández Lorenzo, Carlos	36.065.236	17182	145,00 €
Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726	11529	105,00 €
Fonseca Pérez, Mercedes	36.056.931	23449	145,00 €
Franco Reza, José A.	36.097.780	77172	185,00 €
Fuente Villanueva, José A. De La	36.010.335	14226	290,00 €
García Alfonso, Juan J.	36.010.901	13652	185,00 €
García González, Mª Teresa	36.077.773	24093	150,00 €
García Soto, Francisco José	36.029.618	79367	165,00 €
Gómez García, Mª Cristina	36.098.882	78121	130,00 €
González González, Manuel	36.034.235	14350	40,00 €
Mendez Paz, Ricardo A.	36.068.838	17199	290,00 €
Sánchez Vicente, Gerardo	34.727.082	17555	290,00 €
Veiga Jorge, José Jesús	36.085.795	21572	145,00 €
Vidal Fraile, Mª de los Angeles	36.026.651	14574	190,00 €
Villar Salgueiro, Jaime	36.053.456	21031	330,00 €
SUMA TOTAL			4.095,00 €

19(710).- AUTORIZACIÓN DE ABOAMENTO EN CONCEPTO DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 18990/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo dca Comisión do Fondo de Acción Social do 20.04.09, o informe de fiscalización do 14.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 30.04.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autoriza-lo abono, en concepto de axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 4.222,00 € (CATRO MIL DOUSCENTOS VINTE E DOUS EUROS), ós empregados municipais que se relacionan:

NOME	DNI	Nº persoal	EUROS
Garrido Lage, Delmiro	35.989.202	11943	2.358,00 €
Parente Vigo, Mª Teresa	36.138.958	80477	796,00 €
Vázquez Pazó, Modesto	36.063.855	77034	328,00 €
Vidal Trigo, Antonio	36.026.112	14261	740,00 €
SUMA TOTAL			4.222,00 €

20(711).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS AO POSTO DE TÉCNICO DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO SERVIZO DE CULTURA - PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2009. EXPTE. 11539/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.05.09, dáse conta do informe-proposta do 20.04.09, da técnica de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 14 de abril de 2009, recibese no Servizo de persoal expediente 11539-331 “Solicitud de productividade por encomenda de funcions ao posto de tecnico de activiades culturais do departamento de cultura no primeiro trimestre do ano 2009”. Incluese no expediente copia da comunicación a interesada da Resolucion de data 25 de xaneiro de 2008 do Concelleiro delegado de xestion municipal, informe da relacion de horas realizadas fora do horario habitual de traballo nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2009, asinado pola funcionaria e conformado polo xefe do servizo e o Concelleiro delegado da area de cultura e “solicitud de productividade por encomienda de funcions primer trimestre ano 2009”, asinada polo Xefe de servizo de Cultura e conformada polo Concelleiro delegado da area de cultura e animacion sociocultural.

En data 25 de xaneiro de 2008, o concelleiro delegado de xestion municipal resolve encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de relativas á xestión da programación de artes escénicas e musicais da Unidade de Cultura á funcionaria municipal Dª Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78.436, administrativa de

admón xeral adscrita á Unidade de Cultura, motivada na circunstancia de que o funcionario técnico de actividades culturais que ata o momento prestaba os seus servizos no dito servizo foi trasladado á Área de Servizos Xerais. A encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de traballo de técnico de actividades culturais que no seu momento quede vacante, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de administrativo de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

De dita Resolucion douse conta a Xunta de Goberno local na súa sesión de data 4 de febreiro de 2008.

De conformidade coas instruccións de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións., agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periódico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados. Segundo os datos obrantes na Unidade de persoal, a funcionaria D^a Marta Nuñez Aboy non disfrutou de vacacións nin tivo ningunha baixa por IT no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2009.

Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarto e definitiva única da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

Así mesmo, nas vixentes instruccións de plantilla no apartado terceiro a) recollese que “con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia..por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado”.

Tendo en conta que o complemento de destino do posto 191 técnico de actividades culturais e educativas supón un importe mensual de 637,36 €, correspondería o aboamento en concepto de produtividade a funcionaria D^a Marta Nuñez Aboy polo período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2008 a cantidade de 1950,33 €, polo que previo informe da Intervención Xeral PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

O recoñecemento á administrativa de admón.Xeral, D^a Marta Nuñez Aboy un complemento de produtividade por importe de 1950,33 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento específico do posto 191 técnico de actividades culturais e educativas, posto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 25 de xaneiro de 2008, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2009.

Dese traslado do presente acordo a interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(712).- PRODUTIVIDADE CORRESPONDENTE AO MES DECEMBRO 2008, DO EQUIPO VIXILANCIA E APOIO POLICIAL (EVAP) DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33880/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.05.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 4.05.09, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 10 de abril de 2008, acordou a asignación dun complemento de produtividade anual para o vixente exercicio económico, aos funcionarios que participan no operativo para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero, por un importe anual de 21600.00 €, previo informe do xefe do servizo acreditativo da especial dedicación dos funcionarios no período correspondente. Os importes anuais da mencionada produtividade, segundo a categoría profesional son:

	<i>anual</i>	<i>trimestral</i>
<i>Inspector</i>	4500	1125
<i>Oficial</i>	3900	975
<i>Policia</i>	3300	825

Con data 2 de decembro de 2008, recibese informe do Superintendente da Policía Local, D Carmelo del Castillo, co conforme do concelleiro delegado da Área, no que se solicita o aboamento da devandita produtividade, correspondente aos meses de outubro e novembro (Parcial 4º trimestre 2008) aos funcionarios que compoñen dito dispositivo, pola realización das funcións propias da EVAP, no período mencionado.:

Inspector: D. Jose Manuel Vazquez Varela, nº de persoal 18170,

Oficial: D. Jose Armando Garcia Veiro, nº de persoal 76478

Policia :Dª Lucia Vidal Lorenzo, nº de persoal 79122,

Policia: D Pablo Antepazo Brun, nº de persoal 79103,

Policia: Bienvenido Avendaño Otero, n de persoal 21456

Policia: Pedro Martinez Lino, n de persoal 79363

No informe do Oficial responsable da Evap sinalanse as labores de control e seguimento das ordes de afastamento que realizan, e recollese no informe o número de ordes responsabilidade de cada un dos componentes da EVAP.

Na memoria mencionada de data 1 de decembro de 2008, asinada polo Oficial Responsable da EVAP, D Jose Armando Garcia Veiro e conformada polo Superintendente da Policía Local, figura o Inspector D Jose Manuel Vazquez Varela na relación de repartición de ordes de afastamento.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22 de decembro de 2008, acorda o aboamento aos integrantes da EVAP o complemento de produtividade correspondentes aos meses de outubro e novembro de 2008, deixando pendente a inclusión de D Jose Manuel Vazquez Varela a espera do informe do Suerintendente da Policía Local en canto ao desempeño efectivo das mesmas tendo en conta as súas limitacións para o desempeño das mesmas

Con data 19 de setembro de 2008, a técnica de prevención de riscos laborais comunica a este servizo que, aplicados os protocolos médicos pertinentes, D Jose Manuel Vazquez Varela é considerado Apto con limitacións para o desempeño do seu posto de Inspector da Policía Local, polo que con data 4 de decembro solicita-se ao Superintendente da Policía Local informe de si o funcionario mencionado e tendo en conta o informe da técnica de prevención de riscos laborais en canto as súas limitacións sigue a desempeñar as funcións propias do seu posto na EVAP, polo que en tanto no sexa clarexado dito aspecto, deixase pendente a proposta a Xunta de Goberno Local de aboamento de produtividade correspondentes aos meses de outubro e novembro de 2008 polas devanditas funcións

En data 9 de xaneiro de 2009 recíbese neste Servizo expte n 33880-212 "Productividade mes decembro EVAP". Na memoria de actividades incluída no mesmo figura novamente D Jose Manuel Vazquez Varela na relación de ordes de afastamento sen que neste Servizo se recibera informe solicitado en data 4 de decembro de 2008, sobre si o funcionario mencionado e tendo en conta o informe da técnica de prevención de riscos laborais en canto as súas limitacións sigue a desempeñar as funcións que lle corresponde na a EVAP e se estas son compatibles coas condicionantes físicas contempladas no referido informe. En data 12 de xaneiro de 2009, reiterase dita petición ao servizo da Policía Local.

En oficio de data 18 de febreiro de 2009, o Superintendente xefe da Policía Local solicita ao Servizo de Prevención se lle informe sobre a compatibilidade das limitacións físicas apreciadas no funcionario D Jose Manuel Vazquez Varela coas funcións previstas nos apartados I,II a-b-c, III-d e Anexo do Protocolo de actuación das forzas e corpos de seguridade e de coordinación cos órganos xudiciais para a protección das vítimas de violencia de doméstica e de xénero.

Unha vez realizadas as probas de vixancia da saúde e aplicados os protocolos médicos pertinentes, o especialista en medicina do traballo da Sociedade de Prevención FREMAP S.L., considera que D Jose Manuel Vazquez Varela é apto para o desenvolvemento das funcións previstas no Protocolo de actuación das forzas e corpos de seguridade e de coordinación cos órganos xudiciais para a protección das vítimas de violencia de doméstica e de xénero, e en concreto para as funcións descritas nos apartados I,II a-b-c, III-d e Anexo

A xustificación da proposta de produtividade veñe dada polas funcións derivadas do protocolo, que teñen carácter permanente e implican unha especial dedicación horaria, iniciativa, rendimento e interese dos funcionarios adscritos, que por cada orde de protección que teñan encomendada veñen obrigados á atención inmediata da vítima, tomando razón do expediente xudicial da que aquela deriva, procedendo mediante entrevista persoal á valoración dos riscos reais e potenciais e o seu carácter inmediato ou non, deseñando en consecuencia un protocolo individualizado para a protección integral da vítima cuxa execución mantense durante toda a vixencia da orde xudicial. Todo elo, compatible co desempeño das funcións ordinarias que lle corresponden nos seus postos de traballo nas respectivas seccións de pertenza, segundo se expresa no informe.

Tendo en conta o recollido no art. 25 da Ley 30/84, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.. Asi mesmo, infórmase en calquera caso, que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non podendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

Vistas as consideracions precedentes e de conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas, como recolle o apartado II a) 15 do Decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008, e tendo en conta que no orzamento vixente existe reserva de credito nº 16965 ; sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: Aboar aos integrantes da EVAP que de seguido se relacionan as cantidades propostas, segundo acordo da Xunta de goberno local de data 10 de abril de 2008, con cargo a partida 12111500000.

Grado	nome	n pers	mes	importe
Oficial	Jose Armando Garcia Veiro	76478	decembro 08	325,00 €
Policia	Lucia Vidal Lorenzo	79122	decembro 08	275,00 €
Policia	Pablo Antepazo Brun	79103	decembro 08	275,00 €
Policia	Bienvenido Avendaño Otero	21456	decembro 08	275,00 €
Policia	Pedro Martinez Lino	79363	decembro 08	275,00 €
Inspector	Jose Manuel Vazquez Varela	4º trimestre 08	1.125,00 €	

Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(713).- PRODUTIVIDADE AOS POLICÍAS-SEGURIDADE DA TENENCIA ALCALDÍA, 4º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18996/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.05.09 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 28.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como policias locais- seguridade da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais

ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, polo periodo comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2008:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policia local-seguridade, por importe de 3031,90 €

D. Manuel Antonio Vazquez MArtinez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policia local-seguridade, por importe de 336.25 €

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

23(714).- PRODUTIVIDADE AOS POLICÍAS-SEGURIDADE DA TENENCIA DE ALCALDÍA, 1º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 18995/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.05.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 28.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como policia locais- seguridade da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, polo periodo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2009:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policia local-seguridade, por importe de 1007.4 €.

D. Manuel Antonio Vazquez MArtinez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policia local-seguridade, por importe de 787,45 €

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

24(715).- PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE CONSERXERÍA -1º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 18997/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.05.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 28.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Ao persoal dependente do Servicio de Conserxería se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, tal e coma se recolle na Instrucción 3ª, ap. m) sobre Cadro de Persoal e relación de postos de traballo vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009 (BOP, de 18 de marzo de 2009).

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para a percepción do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía, para dar cobertura a numerosos actos e recepcións programados na Casa do Concello, no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

Recíbese no Servizo de Persoal escritos asinados pola Xefa de Subalternos, Dª Teresa Vaqueiro Herbelo e o concelleiro delegado de xestión municipal nos que se informa do número de horas realizadas por D Jose Angel Fernandez Alonso no mes de febreiro de 2009, para o seu aboamento, de conformidade co disposto na base m) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo.

Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarto e definitiva única da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, en concreto a citada instrucción no seu punto 3ª m), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria o persoal adscrito á Conserxería Municipal polas labores, a dispoñibilidade horaria das cales sexa requerida expresamente pola Alcaldía-Presidencia, para a recompensa-lo especial rendemento e dedicación esixible ó referido persoal, e que colabora cos departamentos de Cultura, Animación Sociocultural e Relacións Públicas dando cobertura e apoio ós actos e recepcións programados na Casa do Concello, celebrados dun xeito extraordinario fora da xornada ordinaria en sábados, domingos e festivos, establécese un complemento de produtividade, con devengo trimestral, en función das horas traballadas, supeditado en todo caso ó informe dos responsables dos referidos servizos, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos e que fosen autorizados expresamente pola Alcaldía-Presidencia antes da súa realización, sendo a Xunta de Goberno Local a que establecerá a contía e regulación pormenorizada da asignación da produtividade.

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado os abonos seguintes:

Jose Angel Fernandez Alonso: Hora festiva: 4,25 €

cantidades que se aboaran en función das horas en exceso realizadas, resultando os seguintes importes:

D Jose Angel Fernandez Alonso: 5 h (mes de febreiro 2009) : 21.25€

Vistos os feitos precedentes podese informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, polo que , previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL :

- O aboamento ao funcionario D Jose Angel Fernandez Alonso, adscrito a Conserxería Municipal, a cantidade de 21.25 €, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas no periodo comprendido entre os meses de xaneiro a marzo de 2009, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril.

Dese traslado da presente acordo aos interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do

previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(716).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SIN SER OFICIAL DE DON JOSÉ ANTONIO SANDE VÁZQUEZ, DE PROTECCIÓN CIVIL, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 18982/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.05.09 e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 21.04.09, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo funcionario do Servizo de Protección Civil, D José Antonio Sande Vázquez, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 195'46 € , correspondentes ó 1º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

26(717).- PRODUTIVIDADE A D. ROSENDO GONZALO COVELO POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS, 1º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 8562/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.05.09, dáse conta do informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 21.04.09, conformado pola xefa de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Segundo Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, de data 12 de maio de 2008, encomendouse provisionalmente ao funcionario administrativo de Administración xeral D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, adscrito ao Servizo de Deportes, funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das Palabras, con dereito á percepción dun complemento de produtividade que se determine segundo o disposto nas vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do servizo, considerando as necesidades organizativas do Verbum-Casa das Palabras que se demandan polo Ilmo. Sr.Tenente de Alcalde, recollidas en escrito de 12 de maio do 2008, e ao abeiro do recollido no artigo 73.2 da Lei7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público,

Da devandita Resolución douse conta a Xunta de Goberno local , na súa sesión de data 19 de maio de 2008.

En data 14 de abril de 2009 recibese no servizo de RR.HH proposta de aboamento dun complemento de produtividade ao devandito funcionario pola acumulación temporal de funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das palabras, para o período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31

de marzo de 2009, asinada polo coordinador da Tenencia de Alcaldía, co conforme dos concelleiros delegados de Cultura e Deportes. No escrito citado se citan as actividades desenvolvidas durante o período citado.

O art. 23 da Ley 30/84 en relación coa disposición final cuarta e derogatoria única da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

Así mesmo, nas vixentes instrucións de plantilla no apartado terceiro a) recóllese que “con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado”.

Na Resolución de data 12 de maio de 2008, sinalase que se lle encomendan as funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das palabras ao funcionario D Rosendo Gonzalo Covelo Roma, sendo clarexado dita acumulación en escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras (Expte 8030/333)

Na proposta do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 2 de abril de 2009, relaciónase os proxectos desenvolvimos polo funcionario D Rosendo G Covelo Roma no período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009.

Segundo os datos obrantes na Unidade de persoal, o funcionario D . Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, non disfrutou de vacacións nin tivo ningunha baixa por IT do 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009.

Vistos os feitos precedentes pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, polo que previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

- O recoñecemento ao funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, o aboamento dun complemento de produtividade por importe de 2198,22 € en aplicación do recollido no apartado terceiro a) das vixentes instrucións de plantilla pola que con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, por motivos de urxencia, entendendo a acumulación do posto de Director Verbum Casa das palabras, por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009.

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(718).- PRODUTIVIDADE POR ACUMULACIÓNS DE FUNCIONS DE D^a ANA M^a SOTO SOBRADO. EXPTE. 1770/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 20.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 18 de abril de 2005 encomendouse á funcionaria D^a Ana Maria Soto Sobrado -con praza de administrativa de admón. Xeral, DNI 36031696B e nº de rexistro de persoal 11475, adscrita o Servizo de información- a realización das tarefas propias da xefatura de negociado de información ata a incorporación da titular do mesmo.

Con data 14 de abril de 2009, o xefe de Atención e Participación Cidadá remite escrito ao Servizo de RR.HH, solicitando o aboamento das diferencias retributivas correspondentes á encomenda de funcions realizada a funcionaria D^a Ana Maria Soto Sobrado, correspondente o periodo comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo

devenguen nengún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21 de xaneiro de 2009 serán aboadas con cargo o complemento de produtividade, entre outros supostos, o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e específico entre os dous postos.

As retribucións aprobadas para os postos de xefa de negociado de información e administrativo de administración xeral no ano 2009 son:

	Xefe de negocia- do	Administrativo	
CD	523,51		414,31
CE	694,18	461,45	232,73
		Diferencia men- sual	341,93

De conformidade coas instrucións de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periódico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, descontándose polo tanto as baixas laborais e vacacións.

Consultados os datos obrantes neste SERvizol, . no período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009, a funcionaria non disfrutou de vacacións e tivo unha baixa por ILT do 13 ao 18 de marzo de 2009.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 968,80 €.

Vistos os feitos precedentes informase que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, polo que previo informe da Intervención Xeral **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

- O recoñecemento á administrativa de admón.Xeral, D^a Ana Maria Soto Sobrado,un complemento de produtividade por importe de 968,80 € euros, importe calculado en función das diferenzas retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de información e as establecidas para o posto de

administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.

Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(719).- INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO CON PLURALIDADE DE OBXECTOS ADXUDICADO A TEGECОВI S.A. (AUTORIZADA CESIÓN A CORPORACIÓN MASAVEU S.A.) POR ACORDO PLENARIO DE 27.07.04. EXPTE. 993/400.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do secretario da Xerencia municipal, do 5.05.09, conformado pola xerente municipal de Urbanismo e polo delegado de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

O 18 de febreiro de 1994, o Pleno do Concello acordou aproba-lo prego de condicións administrativas que rexeran para o concurso para a elaboración do Proxecto de urbanización da Praza do Rei e da Unidade de Actuación situada no plan especial do Casco Vello e a execución da urbanización da citada Praza e da Unidade de Actuación mediante o sistema de expropiación así como a construción e explotación da concesión dun aparcamento baixo a devandita Praza.

Con data 27 de xullo de 1994, o Pleno do Concello adoptou o acordo de adxudicación a “TEGECОВI, S.A.” do concurso convocado que textualmente se transcribe:

“(…) Primeiro.- Adxudicar a TEGECОВI, S.A. o concurso convocado para a elaboración do proxecto de urbanización da Praza do Rei e da Unidade de Actuación situada no Plan Especial do Casco Vello e execución da urbanización da citada Praza e da Unidade de Actuación mediante o sistema de expropiación, así como a construción e explotación da concesión dun aparcamento baixo dita Praza, todo elo de acordo co Prego de Condicións aprobado polo Pleno municipal en sesión de 18 de Febreiro de 1994 e a oferta presentada na que se fixa un canon anual de 2.000 ptas/praza e unha cesión dun lucal de 576 m2 para dependencias municipais.

Segundo.- TEGECОВI,S.A. deberá presentar para a súa aprobación no prazo dun mes contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación, o proxecto de urbanización da totalidade do ámbito que afecta ó presente concurso e o de execución do aparcamento; así mesmo no prazo de

dous meses contados dende o momento en que se poidan ocupar os terreos da Unidade de Actuación, presentaranse os proxectos de execución dos edificios, nos que se deberán indicar a ubicación dos 350 m² de cesión ó Concello a que fai referencia a cláusula B.2.b. do anexo I do Prego de Condicións.

Terceiro.-A empresa adxudicataria en caso de incumprimento do presente acordo ou posteriores que se deriven deste, á parte das penalidades de natureza económica, perda de fianza ou rescisión contractual, segundo os casos, responderá das indemnizacións de danos e perdas que procedan, tales como reposición das obras ou instalacións o seu estado.

Cuarto.- O edificio a construír someterase a un previo dictamen por vía de estudo de detalle, de tal xeito que é intención do equipo de goberno concentra-lo volume nunha zona en vez de facer unha construción acortinada (...)."

O contrato foi formalizado en escritura pública de data 17.01.95 ante o Notario don Jose María Rueda Pérez (protocolo número 91).

Con data 25 de agosto de 1994, expediente 19292/421, foi presentado no rexistro xeral do Concello o proxecto básico e de execución da urbanización da Praza do Rei e construción dun aparcamento en dúas plantas baixo a citada Praza. No citado proxecto non se contemplaba ningunha actuación na Unidade de Actuación pola imposibilidade de ocupar os terreos pendentes de expropiación, estando supeditada á presentación dun estudo de detalle para o ámbito da U.A.. (As edificacións previstas na U.A. ocupaban respectivamente 529,00 m² e 84,40 m² e estaban compostas de dous plantas de sotano, planta baixa, dúas plantas de piso e planta baixo cuberta).

Con data 16 de xuño de 1995, expediente 21.385/421, presentase certificado final de obra, sendo informado o 13 de xuño de 1995 polo arquitecto municipal no senso de recepción das obras de urbanización, aparcamento público e cafetería, así como os locais anexos ó Concello.

A citada recepción de obras foi acordada pola Comisión de Goberno de data 14 de xuño de 1995.

Con data 5 de abril de 1995, expediente 3915/401, D. Pedro Barroso Moreno en representación de "TEGECIVI, S.A." solicita a tramitación dun Avance para a modificación puntual do PERI Casco Vello co obxecto de realizar a edificación que se indica no apartado 4º do acordo plenario de data 27 de xullo de 1994. (O edificio a construír someterase a un previo dictamen por vía de estudo de detalle, de tal xeito que é intención do equipo de goberno concentra-lo volume nunha zona en vez de facer unha construción acortinada).

Con data 11 de maio de 1995, a oficina de planeamento emite informe con proposta de aprobación do Avance e remitir a proposta á Comisión Provincial de Urbanismo.

A Comisión informativa de urbanismo de data 14 de maio de 1995 acorda deixar pendente o asunto co fin de analizar a cesión que deber facer a Concesionaria nos baixos da edificación.

O 31 de xullo de 1995 a oficina de planeamento solicita á oficina de patrimonio do Concello informe sobre as cesións incluídas no avance presentado en relación coa que figuran as especificacións do Prego de Condicións.

Con data 28 de novembro de 1995, o arquitecto municipal da oficina de patrimonio emite o informe solicitado valorando as diferencias.

O 14 de decembro de 1995 D.Jose Miguel Martin Sutil presenta escrito no rexistro do Concello no que solicita a remisión das correspondentes resolucións administrativas respecto á solicitude de tramitación do Avance da modificación puntual do PERI Casco Vello.

Con data 30 de outubro de 1996 D.Jose Miguel Martin Sutil en representación de “TEGECIVI, S.A.” presenta novo escrito no Resitro Xeral interesandose pola tramitación da solicitude de tramitación do Avance.

Con data 16 de decembro de 1996, se lle notifica ó interesado por parte da oficina de planeamento que a falla de resolución do expediente se debe ás discrepancias existentes entre as superficies de cesión que figuran no Prego de Condicións e as que figuran no Avance presentado.

A partires deste último informe, non figuran mais tramites no citado expediente.

Con data 19 de febreiro de 1997, expediente 4313/411, D.Jose Miguel Martin Sutil en representación de TEGECIVI, S.A. presenta no rexistro do Concello un Avance de proposta de estudio de detalle para a Unidade de Actuación I do Peri Casco Vello.

Con data 20 de maio de 1997, o arquitecto municipal da oficina de planeamento emite informe no que manifesta que a proposta presentada supón en principio unha modificación do PERI Casco Vello, non obstante e dado que non se incrementan edificabilidades, poderíase tramitar un estudio de detalle da proposta presentada.

Con data 6 de agosto de 1997, o técnico da admón xeral da oficina de planeamento emite un informe proposta favorable nos termos anteriores.

Con data 5 de setembro de 1997 o Consello da Xerencia de Urbanismo acorda informar favorablemente a consulta plantexada por TEGECIVI,S.A., non obstante se lle informa que debe presentarse con anterioridade ó estudio de detalle unha modificación puntual do PERI Casco Vello.

O citado acordo do Consello da Xerencia foi notificado a TEGECIVI, S.A. con data 9 de outubro de 1997, sin que consten mais tramites.

Respecto á concesión administrativa, o Pleno do Concello de data 30 de maio de 1997 autorizou a “TEGECIVI S.A.” a transmisión a “MASAVEU, S.A.” da concesión administrativa da elaboración do Proxecto de Urbanización da Praza do Rei e da Unidade de Actuación no PERI Casco Vello e a execución de urbanización da Praza e da UA mediante o sistema de expropiación, así como da construción e explotación de concesión dun aparcadoiro baixo a Praza.

O 1 de outubro de 1998, pónense a disposición da entidade a totalidade dos terreos, cumprindo esta administración coa súa obriga de por a disposición da concesionaria os terreos afectados.

Con data 28 de maio de 2001 o Pleno do Concello acordou a proposta de autorización definitiva a TEGECIVI,S.A. da cesión á Corporación Masaveu, S.A. dos dereitos de Concesión Administrativa así como da unidade de actuación, execución da urbanización da Praza e da unidade de actuación

mediante o sistema de expropiación así como da construción e explotación do aparcadoiro baixo a Praza outorgada por acordo plenario de data 27 de xullo de 1994.

Do denominado “Proxecto de urbanización da Praza do Rei e da Unidade de Actuación I do PERI Casco Vello e execución da urbanización da citada Praza e da Unidade de Actuación mediante o sistema de expropiación, así como a construción e explotación da concesión do aparcamento baixo a Praza”, non se levou a cabo a execución e urbanización da Unidade de Actuación, nin se realizaron a súa costa as obras de urbanización, instalacións, plantacións e demais equipamentos previstos neste, nin se realizou a cesión ó Concello de 350 m2 dos baixos a nivel da Praza do Rei do edificio en forma de “L”.(Parcela C).

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Réxime xurídico aplicable á relación contractual entre o Concello de Vigo e a empresa adjudicatária.- Tendo en conta o previsto na disposición transitoria primeira da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), os contratos adjudicados con anterioridade á entrada en vigor do referido texto legal, se rexerán en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción pola normativa vixente no momento da súa adjudicación. No presente caso, a normativa polo que se rixe o contrato formalizado o 17.01.95 ven dado polo Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aprobou o Texto articulado da Lei de Contratos do Estado e polo Decreto 3410/1975, de 25 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Contratación do Estado. Así mesmo, dentro do eido local, son de aplicación as normas sobre contratos previstas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local e o Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local. En canto non contradiga as anteriores normas, son de aplicación as normas contidas no Regulamento de contratación das Corporacións Locais, aprobadas polo Decreto de 9 de xaneiro de 1953. Tendo en conta o previsto no prego de cláusulas, é necesario ter en conta o Real decreto 3.288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. Por outra parte, o prego de cláusulas administrativas aprobadas polo Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de data 18.02.94, establece as condicións ou estipulación ás que se deben acomodar as relacións contractuais derivadas do acordo de adjudicación perfeccionado coa adjudicación de data 27.07.94 e formalizada en documento público o 17.01.95.

2- Natureza xurídica do contrato suscrito entre o Concello de Vigo e a empresa “TEGECIVI, S.A.”.- Como pode desprenderse do expediente, o contrato suscrito entre “TEGECIVI, S.A.” e o Concello de Vigo, tivo unha pluralidade de obxectos (artículo 29 do Regulamento Xeral de Contratación aprobado polo Decreto 3410/1975, de 25 de novembro): Un contrato de obras, consistente na execución do parking e da praza, outro de xestión do servizo público de aparcadoiro e por outra parte, a concesión da xestión dunha unidade de actuación ó abeiro do establecido no Real decreto 3.288/1978, de 25 de agosto. Os dous primeiros, trátanse de contratos típicos e este último pode calificarse como administrativo especialde ó abeiro do establecido no punto 2º do artigo 4º do Decreto 3410/1975, de 25 de novembro. Polo tanto, rexíuse en canto a súa preparación e adjudicación polas normas contidas nas aludidas normas. Por outra parte, os efectos que está a producir o contrato suscrito (no que actualmente está subrogado “MASAVEU, S.A.”) e as normas sobre a extinción do mesmo, regularanse polas normas previstas e relacionadas no punto primeiro do presente informe.

3.- Concurrencia de supostos de incumprimento das obrigas establecidas no prego de cláusulas administrativas e no propio contrato.- No prego de cláusulas administrativas con pluralidade de

obxectos que foi adxudicado á empresa “TEGECOVI, S.A.”, se mencionaban entreoutras as seguintes obrigas (Anexo III do prego de cláusulas aprobado polo Pleno do Concello de Vigo o 18.02.94):

- Cláusula B.2: “(...) a) Executar e desenvolver íntegramente a urbanización da unidade de actuación, conforme ó plano e proxecto de urbanización, realizando a súa costa as obras de urbanización, instalacións, plantacións e demais equipamentos previstos neste, de conformidade coa LS e as normas regulamentarias que a complementan.

(...) c) Efectua-la cesión gratuita e entrega ó Concello dos terreos destinados para viais e demais espazos libres públicos e zonas verdes previstas no plano e no proxecto de urbanización a executar, unha vez urbanizados, e sen prexuízo do deber de conservación a cargo do concesionario ata a recepción definitiva da urbanización polo Concello.

d) A cesión de, cando menos 350 m2 dos baixos a nivel da Praza do Rei, do edificio en forma de <L>.

e) Levar a cabo a edificación dos solares resultantes da urbanización do polígono, previa licenza municipal, ou ben allealos a terceiros a título de compravenda ou no seu caso a cesión de dereito de superficie, para a súa edificación por terceiros, en calquera caso no prazo máximo de 15 meses contados dende o momento en que se poidan ocupar os terreos da citada unidade de execución (...).”

Como quedou informado, os terreos foron postos a disposición da empresa adxudicataria o 1.10.1998, sen que ata este momento se executara urbanística a actuación.

4.- Consecuencias xurídicas do incumprimento das obrigas previstas para o concesionario no prego de cláusulas administrativas.- En atención ao previsto na letra D do anexo III do prego de cláusulas administrativas, o incumprimento das obrigas relacionadas no punto terceiro do presente informe, son causas de extinción do contrato de concesión.

5.- Procedemento administrativo polo que se rexe a constatación dun suposto que permite a resolución do contrato administrativo.- A resolución dun contrato administrativo constitúe unha figura caracterizada pola extinción anticipada ou anormal da relación xurídico-contractual, neste caso, existente dende o ano 1994 entre “TEGECOVI, S.A.” (autorizada a cesión á “Corporación Masaveu, S.A.” en data 30.05.97). No presente caso, dado o tempo transcurrido e a nova ordenación urbanística existente no ámbito, non é posible que a Administración procure ou intente forzar ao contratista ó cumprimento estrito do pactado. Por todo elo, a única consecuencia posible do incumprimento constatado no expediente, é a resolución parcial do contrato. A obriga de urbanización e cesións do ámbito da antiga unidade de actuación número 1 do PERI do Casco Vello, é esencial e forma parte do triple obxecto do contrato adxudicado a “TEGECOVI, S.A.”.

A resolución dun contrato administrativo, vai sempre precedido da tramitación dun procedemento administrativo, como cauce formal e garantía das resolucións que se adopten con arreglo a criterios obxectivos. A observancia procedimental sobre a que debe asentarse a resolución administrativa trata de asegurar o seu acerto, xustiza e eficacia.

O punto segundo da disposición transitoria primeira da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, prevé que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor do novo texto legal, rexeranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída

a súa duración e réximen de prórrogas, pola normativa anterior. É dicir, resulta congruente que o procedemento de resolución do contrato administrativo sexa tramitado conforme a normativa vixente, sen prexuízo que os efectos e extinción do que se resolva, sexan regulados pola norma que estivo vixente no momento da adxudicación do contrato. En conclusión, o procedemento de resolución deberá respectar o previsto nos artigos 206 e seguintes da Lei de Contratos do Sector Público e o 109 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos.

Da incoación do expediente de resolución deberá outorgarse un trámite de audiencia ao contratista e o asegurador. Con carácter previo ó acordo de resolución, deberá constar informe xurídico e deberá recabarse Dictamen do Consello Consultivo de Galicia, cando exista oposición por parte do contratista.

Todos os trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polas diferentes dependencias municipais.

6.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De acordo co previsto no punto 3º da disposición final segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, atribúese a resolución do presente expediente á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, á vista do informado, PROPÓÑESE á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1.- Incoar expediente de resolución do contrato administrativo con pluralidade de obxectos adxudicado a “TEGECIVI, S.A.” e cedido con posterioridade á entidade mercantil “CORPORACIÓN MASAVEU, S.A.”, polo incumprimento das obrigas mencionadas na cláusula B.2 do Anexo III do prego de cláusulas administrativas aprobado polo Pleno do Concello de Vigo o 18.02.94.

2.- Outorgar un trámite de audiencia por un prazo de dez días á empresa “CORPORACIÓN MASAVEU, S.A.” e á entidade financeira que prestou garantía no procedemento de licitación.

3.- Informar que, naquel caso que se formule oposición, recabarase dictame do Consello Consultivo de Galicia. Así mesmo, por ser un acto de trámite, non é susceptible de ser impugnado autónomamente ó abeiro do establecido no artigo 107.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(720).- PROPOSTA PARA A INDEMNIZACIÓN POR DESPRAZAMENTO NO TERMO MUNICIPAL DA ENXEÑEIRA DA. NANCY COROMOTO RODRÍGUEZ PADRÓN. EXPTE. 58601/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro técnico industrial de Vías e Obras, do 11.05.09, conformado pola xefa da Área de Servizos Xerais e pola concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Este Servizo de Vías e Obras, para a realización das tarefas que lle son encomendadas, conta con persoal subscrito a través do correspondente contrato de traballo formalizado co INEM., con data de inicio 1/09/2008 e finalización o 31/08/2009.

Para o control e inspección das obras a realizar por parte destas brigadas do INEM, cóntase cunha Enxeñeira Técnica de Obras Públicas (Dna. Nancy Coromoto Rodríguez Padrón, con DNI nº 79081072-B) contratada de igual xeito e polo mesmo período co resto do mentado persoal .

Como consecuencia das tarefas que ten que realizar a citada técnica (control e inspección das obras a realizar por parte destas brigadas), precisa desprazarse por todo o municipio utilizando o seu propio vehículo.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Conceder á Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Dna. Nancy Coromoto Rodríguez Padrón (con DNI 7901072B) a correspondente indemnización por utilización do seu vehículo particular, no desenrolo dos seus cometidos, en función dos kilómetros percorridos e xustificados mensualmente, e que se devengarán dende a data 1/05/2009 e ata a finalización do correspondente contrato o 31/08/2009.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

30(721).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS NO ANO 2009. EXPTE. 2502/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.04.09, o informe de fiscalización do 6.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 3.02.09, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís no ano 2009.

2º.- Autorizar, ao indicado fin, o gasto de 24.000 € con cargo á partida orzamentaria 4520.489.00.00 “subvencións para o fomento de actividades xuvenís”, do vixente orzamento.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS. CONCELLARÍA DE XUVENTUDE. 2009.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e programas de carácter xuvenil.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción de actividades xuvenís da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2009 consignan, na partida orzamentaria 4520.489.00.00 “subvencións para o fomento de actividades xuvenís”, un crédito por un importe total de 24.000€ (Vinte catro mil Euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellaría de Xuventude destina a colaborar no financiamento das actividades de promoción e fomento de actividades xuvenís desenvolvidas dende as entidades e/ou colectivos xuvenís do Municipio.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento e realización de programas e proxectos xuvenís mixtos, de mozos e mozas, por parte das entidades e/ou colectivos xuvenís da cidade, no ano 2009.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable se ocasionen ás entidades e/ou colectivos xuvenís, polo desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís: actuacións dirixidas ao fomento e á participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo, programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo, actividades de tempo libre e de lecer, actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil e, en xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Serán subvencionables todos os gastos de desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís ao longo do ano 2009;

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 24.000 euros (Vintecatros mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2009; 4520.489.00.00 “Subvención para o fomento de actividades xuvenís”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova

convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas :

- a) Asociacións e entidades sen ánimo de lucro especificamente xuvenís, inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Vigo (Depto. de Participación Cidadá).
- b) Outras entidades (Asociacións ou fundacións) integradas exclusivamente por mozos/as que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ao fomento da participación dos mozos/as e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar así mesmo inscritas no Rexistro Municipal do Concello de Vigo (Depto. Participación Cidadá).
- c) Grupos de mozos/as non constituídos como asociación que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de mozos/as deberán cumprir son:
 - Estar formados por un mínimo de cinco persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 30 anos, ambas incluídas, e residentes no Municipio de Vigo.
 - Establecer un representante que será o/a responsable do grupo de mozos/as, maior de idade, con poderes suficientes, e que deberá asumir todas as obrigas que corresponderán a agrupación como beneficiaria da subvención. En todo caso, todos os membros asociados ao beneficiario/a terán igualmente a condición de beneficiarios/as. En consecuencia, a subvención concedida será distribuída a partes iguais entre o número de membros que conforman o grupo beneficiario. Tanto na solicitude como na resolución de concesión farase constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación.00
 - Os/as membros do grupo de mozos/as non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que sexa beneficiaria ou teña solicitado outra subvención das xestionadas pola concellería de Xuventude.

- A agrupación non poderá disolverse ata transcorrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria: As entidades con ánimo de lucro, as administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou orzamentariamente, as entidades que presenten proxectos cuxas actividades poidan ser obxecto doutra convocatoria municipal, entidades que presenten proxectos que impliquen discriminacións por razóns de raza, sexo, ideoloxía e condición social, as asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores, as entidades que non estean inscritas no Departamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo, entidades cuxas solicitudes se presentan fóra do prazo establecido, e, en xeral, aqueles proxectos que non se atopen dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo ou non respondan aos obxectivos desta convocatoria.

3.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4.- Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

5.- Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Realizar a actividade xuvenil subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.

4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que fagan visible a contribución das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 14 puntos:

Valorarase ata un máximo de 14 puntos en total, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:

- Aspectos da entidade..... Máximo 3 puntos

<i>Experiencia e traxectoria (0.02 /mes)</i>	<i>Máx.0.50 puntos</i>
<i>Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25/entidade)</i>	<i>Máx.0.50 puntos</i>
<i>Ser especificamente xuvenil (0.15 / cada membro xunta directiva menor de 30 anos)</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
<i>Fomento da participación xuvenil (0.010 /10 socios)</i>	<i>Máx. 1 punto</i>

- Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 8 puntos

<i>Calidade e solidez do proxecto en conxunto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Fundamentación e estrutura do proxecto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Coherencia do proxecto coas necesidades da mocidade actual</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
<i>Adecuación aos obxectivos xerais da convocatoria</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios)</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Compromiso na utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista nin estereotipada. Para a valoración terase en conta tanto a redacción do proxecto como o contido do mesmo, así como os materiais a empregar e a publicidade.</i>	<i>Máx.1 punto</i>

- Recursos e financiamento.....Máximo 2 puntos

<i>Capacidade e recursos propios para xestionar e executar o proxecto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento (0.20/cada entidade patrocinadora)</i>	<i>Máx. 1 punto</i>

<i>Emprego da lingua galega na realización das actividades para as</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
--	---------------------

que se solicita a axuda	
-------------------------	--

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3.50 puntos non se considerarán subvencionables.

Nos informes de valoración elaborados, a Concellaría de Xuventude deberá especificar e xustificar que actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa contribución económica municipal.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades e/ou colectivos xuvenís que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións. A distribución farase en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

NOVENA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo 1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda e xustificación destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellaría de Xuventude e na propia páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na web da Concellaría de Xuventude (www.xuventudevigo.org).

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación segundo o carácter do solicitante:

- Asociacións e entidades sen ánimo de lucro:

a) <i>Instancia de solicitude da subvención. Anexo 1</i>
b) <i>Orzamento detallado de ingresos e gastos detallando a cantidade solicitada de subvención. Ver modelo Anexo 3b.</i>
c) <i>Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade. Anexo 2.</i>
d) <i>Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Anexo 4.</i>
e) <i>Certificado de subvencións solicitadas e/ou concedidas. Anexo 5.</i>
f) <i>Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e coa seguridade social.</i>
g) <i><u>Proxecto detallado</u> do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, se axuntan no <u>anexo 3</u>. <u>Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</u></i>
h) <i>Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.</i>
i) <i><u>Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal da entidade solicitante.</u></i>

• Grupos de mozos/as:

a)	<i>Instancia de solicitude da subvención asinada por todos os membros do grupo xuvenil. Anexo 1</i>
b)	<i><u>Relación detallada e asinada por todos, das persoas que compoñen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada unha, así como a súa previsible función no proxecto (organizador, colaborador, beneficiario...).</u> Engadirase a esta relación a fotocopia compulsada do DNI de todos/as os/as integrantes do grupo.</i>
c)	<i>Certificados orixinais ou copias compulsadas, de todos os membros do grupo, de estar ao corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, Seguridade Social e Facenda. Estas certificacións poderán ser substituídas por <u>unha declaración responsable</u> de cada un dos membros do grupo, como réxime simplificado desta acreditación.</i>
d)	<i><u>Declaración xurada e asinada de cada un dos membros do grupo na que expresamente se manifeste:</u></i> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Que acepta todas as obrigas que puidesen corresponderlle como</i>

	<p>beneficiario, no seu caso, da subvención concedida.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Que non pertence, como socio ou membro directivo, a outra entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude. - Que non está incurso nas circunstancias que figuran no art. 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
e)	<u>Certificado orixinal da entidade bancaria</u> indicando o Código de Conta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida.
f)	<u>Proxecto detallado</u> do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, axúntanse no <u>anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto, que deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</u>
g)	<u>Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do orzamento total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver modelo anexo 3b.</u>
h)	<u>Declaración conxunta</u> de todos os membros do grupo na que se explique o acordo de todos para nomear a un representante (Nome e apelidos e DNI) e na que se acepte que o ingreso, no seu caso, do importe da subvención concedida realizarase na conta bancaria que se especifique. Esta declaración deberá ir asinada por todos os membros do grupo.

DÉCIMO SEGUNDA.- RECTIFICACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente Diario Oficial, anunciada na prensa local con referencia ao Boletín Oficial no que aparece publicada, e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente Diario Oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Xuventude– Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Xuventude será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Xuventude, o xefe de Servizo da Área de Xuventude e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Xuventude, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase aos solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas, no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito á Concellería de Xuventude a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO CUARTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 30 de novembro de 2009 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado para os beneficiarios que o soliciten antes do dito día 30 de novembro se concorreran causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar:

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto xuvenil como económico (Incluíranse o datos referentes aos gastos e ingresos reais xerados polos evento distribuídos por conceptos).

Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura nos anexos 7,8,9,10 adxuntos destas Bases:

A7	Relación de facturas presentadas como xustificación.
A8	Certificado da veracidade das actividades realizadas.
A9	Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
A10	Declaración responsable do solicitante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).
11	No seu caso, <u>certificado da Axencia Tributaria de exención do IVA.</u>

Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ao proxecto subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que

non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento, por parte da beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; a obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na

Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

31(722).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN REGULAR DE ACTIVIDADES NUN ESPAZO DE LECER EDUCATIVO NA CIDADE. EXPTE. 2477/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.04.09, o informe de fiscalización do 6.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 3.02.09, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, para a organización regular de actividades nun espazo de lecer educativo na cidade de Vigo.

2º.- Autorizar, ao indicado fin, o gasto por un importe de 72.000 euros, dos que 36.000 € serán con cargo á partida 4520.489.00.01 e os outros 36.000 € con cargo á partida 4632.489.00.01, do vixente orzamento.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDA A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN REGULAR DE ACTIVIDADES NUN ESPAZO DE LECER EDUCATIVO NO CONCELLO DE VIGO

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma em materia de ocupación do tempo de lecer e a execución de programas propios destinados á infancia e xuventude.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción de actividades nun espazo de lecer educativo na cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2009 consig-

nan, nas partidas orzamentarias 4520.489.00.01 e 4632.489.00.01 “subvencións”, un crédito por un importe total de 72.000 euros. (setenta e dous mil Euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través das Concellerías de Xuventude e Igualdade destina a colaborar na financiación da organización regular de actividades nun espazo de lecer educativo

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuir a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento da organización regular de actividades nun espazo de lecer educativo mixto —nenos e nenas— por parte de entidades sen ánimo de lucro.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado corresponden aos proxectos que ofrezan un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 7 e 12 anos, como mínimo, e no que se desenvolvan actividades que:

- a) Promovan o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.
- b) Favorezan a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.
- c) Faciliten a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.
- d) Posibiliten o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.
- e) Procuren a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estos de 12.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 72.000 euros (setenta e dous mil euros) que se farán efectivas con cargo ás partidas orzamentarias para 2009; 4520.489.00.01 e 4632.489.00.01 “Subvención a entidades sen ánimo de lucro”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se den as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1º.- Poderán solicitar e obter estas axudas:

- As asociacións xuvenís inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Vigo.*
- Entidades non lucrativas inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Vigo que desenvolvan habitualmente programas dirixidos a rapaces e rapazas.*
- As entidades que acrediten experiencia na realización de actividades lúdicas que se desenvolvan habitualmente e que teñan compoñentes de carácter educativo.*

Todas estas entidades deberán estar incritas no rexistro Municipal de Asociacións do concello de Vigo, cunha antigüidade superior a un ano e contar com solvencia financeira e técnica adecuada para desenvolver o proxecto para o que se solicite a subvención, o que se acreditará con declaración responsable sobre o balance de ingresos e gastos da entidade, referido ao ano anterior, que deberá reflectir uns ingresos superiores ou, como mínimo, iguais aos gastos.

2º.- Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As entidades con ánimo de lucro.*
- As administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou orzamentariamente.*
- Centros educativos*
- Clubs deportivos.*
- Asociacións de nais e pais de alumnado.*

3º.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4º.- Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire

o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas pra co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitrtar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- 1º.- Realizar a actividade subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.
- 2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- 3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para a no procedemento de concesión da subvención.
- 4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- 5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.
- 6º.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- 7º.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento de actividades.
- 8º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.
- 9º.- Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como nos das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.
- 10º.- Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
- 11º.- Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención, e dispor en todo caso dos estados contables que garantan unha correcta comprobación que estime procedente levar a cabo a Concellaría de Xuventude e Igualdade , segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións.
- 13º.- Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación das Concellarías de Xuventude e Igualdade do Concello de Vigo, mediante a inclusión dos seus logotipos e anagramas que serán facilitados por esta Concellaría.

Se no financiamento interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

a) Para realizar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

Experiencia e capacidade para a organización do proxecto, ata 20 puntos:

Valorarásese o tempo de funcionamento anterior do espazo de lecer cunha programación estable: 2 puntos por ano, ata un máximo de 20 puntos.

b) *Concorrenxia doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas para o ano 2009, ata 20 puntos:*

Se o importe destas axudas se atopa entre o 76% e 85%: 20 puntos

Se é entre o 66% e o 75%: 15 puntos

Se é entre o 50% e o 65%: 5 puntos

c) *Características técnicas do proxecto, ata 60 puntos*

1. *Adaptación do proxecto á xustificación da necesidade do mesmo, ata 5 puntos.*

2. *Número de usuarios directos, ata 5 puntos. Se o número máximo de usuarios é menor de 30, 1 punto; se é menor de 40, 2 puntos; se é menor de 50, 3 puntos; se é menor de 60, 4 puntos; a partir de 60, 5 puntos.*

3. *Tramo de idade dos usuarios previstos que supere o requisito establecido (7-12 anos), ata 5 puntos. Por cada ano que se lle engada a este tramo, sen superar os 14 anos, concederáse unha puntuación de 1 punto.*

4. *Horario da actividade adicional ao mínimo establecido por semana (15 horas), ata 5 puntos. Por cada 5 horas á semana que se lle engadan ao mínimo establecido recibiráse 1 punto.*

5. *Coherencia da planificación de actividades e da metodoloxía a empregar, ata 5 puntos.*

6. *Adecuación do sistema de seguimento e avaliación, ata 5 puntos.*

7. *Mellora dos requisitos mínimos nas instalacións ofertadas, ata 5 puntos.*

- *Por cada 40 metros cadrados máis do mínimo legalmente (decreto 354/2003, 16 de setembro) esixido de espazo interior outorgáranse 0,25 puntos ata un total de 1 punto.*
- *De atoparse situado na planta baixa valorárase con 1 punto.*
- *Se conta con entrada independente valorárase con 1 punto.*
- *De contar cun espazo ao aire libre delimitado, valado en todo o seu perímetro e acondicionado con materiais axeitados ás idades dos/das usuarios/as para poder realizar actividades recibiráse unha puntuación de 2 puntos.*

8. *Mellora dos requisitos mínimos no equipo humano, ata un máximo de 5 puntos:*

- *Ratio por usuarios, ata 1 puntos. Por cada traballador a maiores segundo a ratio legalmente establecida (decreto 354/2003, 16 de setembro) outorgárase unha puntuación de 0,25 puntos.*
- *Cualificación do persoal, ata 1,5 puntos. Se o/a coordinador/a, ademais do título de Monitor/a no Tempo de Lecer, é titulado/a superior en pedagogía, psicoloxía ou psicopedagogía, valorárase con 1,5 puntos; se posúe titulación media en maxisterio ou*

educación social, valorarase con 1 puntos; se a súa titulación é de ciclos formativos de grao superior en animación sociocultural ou educación infantil valorarase con 0,5 puntos; se a súa cualificación é de ciclos formativos de grao medio en actividades físicas e deportivas valorarase con 0,25 puntos.

- *Experiencia.* Por cada tres anos de experiencia de cada traballador/a recibirase unha puntuación de 0,25 puntos ata acadar un máximo de 1,5 puntos neste apartado.
- *Se o centro é receptor de persoal en prácticas, valorarase con 1 punto.*

9. *Normas de funcionamento e coherencia cos obxectivos do proxecto, ata 5 puntos*

10. *Calidade dos recursos e procedementos a seguir no emprego do galego, ata 5 puntos.*

11. *Compromiso na utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista nin estereotipada. Para a valoración terase en conta tanto a redacción do proxecto e o contido do mesmo, a formación específica sobre Xénero e Igualdade de Oportunidades, así como os materiais a empregar, valorándose ata 5 puntos.*

Será necesario reflectir e acreditar, no seu caso, todos e cada un dos aspectos no proxecto a presentar para poder ser valorados. De non ser así, outorgarase 0 puntos no aspecto non reflectido ou non acreditado.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 25 puntos non se considerarán subvencionables.

Nos informes de valoración elaborados, as Concellaría de Xuventude e de Igualdade deberán especificar, no seu caso, que actividades das presentadas non se inclúen na proposta de subvención, non podendo ser así financiadas coa aportación económica municipal.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións. A distribución farase en función da puntuación acadada no proceso de avaliación, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 31 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao expediente.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facili-

taranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Xuventude e na propia paxina web do Concello de Vigo.

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

Modelos e certificados de solicitude correspondentes ós anexos I de solicitude da subvención:

Anexo I.1	Instancia de solicitude da subvención.
Anexo I.2	Orzamento de Ingresos e orzamento de gastos do ano anterior.
Anexo I.3	Declaración responsable de subvencións solicitadas e/ou concedidas.
Anexo I.4	Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Anexo I.5	Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade.
	Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e coa seguridade social.
	Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
	Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
	Proxecto detallado conforme aos criterios de valoración da cláusula sétima, con orzamento de ingresos e gastos.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece

publicada, e nas páxinas web www.vigo.org, www.xuventudevigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As entidades solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello

Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Xuventude do Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Xuventude será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta pola concelleira de Xuventude, A xefa de Servizo da Área de Xuventude e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Xuventude, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Xuventude a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada.

DÉCIMO CUARTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada, co cumprimento do disposto no artigo 27 LSG.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 30 de novembro de 2009 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Trascorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado para os beneficiarios que o soliciten antes do dito día 27 de novembro se conrreran causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar:

1º.- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto de lecer educativo como no aspecto económico (Incluíranse o datos referentes ós gastos e ingresos reais xerados pola actividade distribuídos por conceptos).

Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación):

<i>Anexo II.1</i>	<i>Relación de facturas presentadas como xustificación.</i>
<i>Anexo II.2</i>	<i>Certificado da veracidade das actividades realizadas.</i>
<i>Anexo II.3</i>	<i>Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.</i>
<i>Anexo II.4</i>	<i>Declaración responsable do solicitante de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).</i>

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:*

1º.- As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello

de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVA.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos no será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DECIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedu a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONS.

Pérdida do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada ou das obrigas asumidas, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a súbvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

32(723).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ENTIDADE FUNDACIÓN CASA DA CARIDADE -HOGAR SAN JOSÉ E TEXTO DO CONVENIO REGULADOR DE DITA SUBVENCIÓN. EXPTE. 40674/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.05.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais, do 14.04.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la concesión dunha subvención directa á Fundación Casa de Caridad -Hogar San José por un importe total de 36.400 euros, con cargo á partida 3130.4890005 –Covenio Comedor da Esperanza.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade “Fundación Casa de Caridad -Hogar San José-”, colaboradora co Departamento de Benestar Social, para a atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos principalmente, polo que se articulan os dereitos e obrigas da subvención.

3º.- Aprobar o gasto total de 36.400 euros a favor da Casa de Caridad –Hogar San José- , CIF G36626174, con cargo á partida 3130.4980005 –Convenio Comedor Esperanza-, correspondendo a cantidade de 18.000 euros ao orzamento de 2009, e 18.400 euros ao orzamento de 2010, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Casa de Caridad –Hogar San José-.

CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION “CASA DE CARIDAD DE VIGO-HOGAR SAN JOSÉ”

Vigo, de de 2009

REUNIDOS

Dunha parte D^a Maria Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte, Don Ramón Arbones Davila, DNI. nº 35.918.345 en calidade de Presidente da Fundación Casa de Caridad de Vigo-Hogar San José, en diante Casa de Caridad, NIF G36626174, con enredo a efectos de notificación na Rúa San Francisco nº 69 de esta cidade, e en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I- Que Casa de Caridad ten entre os seus obxectivos a atención e promoción de persoas en desvantaxe social dende o principio da autodeterminación e a promoción persoal e social. A Casa de Caridad” adícase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este. O Comedor de la Esperanza dependente da Casa de Caridad constitúe un equipamento propio dos servizos sociais de atención primaria desta cidade, sendo esta Fundación unha entidade sen ánimo de lucro que ven asistindo ás persoas en estado de necesidade dende hai moitos anos en colaboración cos servizos sociais municipais.

II- O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situacións de emerxencia social, que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións mínimamente dignas. Este recurso é un complemento dos recursos propios de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade vecinal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto.1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da apli-

cación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumplimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2003. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento dun comedor social e unha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención e promoción de persoas en desvantaxe social.

IV- Que a entidade Casa de Caridad non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a actividade da Casa de Caridad, o Concello de Vigo e a dita entidade convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base os seguintes:

P A C T O S

Primeiro.-

A entidade Casa de Caridad comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a atención das persoas en risco de exclusión ou situación de emerxencia social e, concretamente a:

1º- A xestionar o funcionamento dun comedor social e unha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención de persoas en risco de exclusión social con necesidades de manutención e de hixiene persoal, que residen temporal ou permanentemente neste Concello. Ó comedor poden acudir as persoas directamente ou derivados polos servizos sociais de atención primaria do Concello

2º- A ofrecer a traverso dos citados equipamentos un servizo de almorzo ou xantar para persoas con necesidade de alimentación e un servizo de duchas e roupeiro que cubra as necesidades básicas de hixiene, roupa e calzado que poidan presentar as persoas usuarias. Ó longo do ano realizarán unha actividade convivencial de un día de duración, fora do concello para o que utilizarán un medio de transporte.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Casa de Caridad dunha subvención para o exercicio 2009 por importe de 18.000 euros co obxecto da atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este. Este contrato estará suxeito a lexislación vixente sen que en ningún caso, supoña unha relación laboral co Concello de Vigo. Para o ano 2010, o importe da subvención a conceder será de 18.400 euros.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Co amparo legal do artigo 31 punto 2 da Ley 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, a vixencia do presente convenio será plurianual, con una duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de decembro do ano 2010.

Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade total de 36.400 euros, dos cales 18.000 euros irán con cargo ao orzamento de 2009, e 18.400 con cargo ao orzamento de 2010.

Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2009 e 2010, efectúanse do seguinte xeito:

- No ano 2009, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2010, o 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter

da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

- *O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro de cada un dos anos, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Casa de Caridad e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servicios Sociais.

Oitavo.-

Para a xustificación do ano 2009, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2010 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para o ano 2010, a xustificación deberá realizarse ata o 31 de xaneiro do ano 2011. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; os xustificantes de pago dos gastos efectuados con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*
- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
2. *Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.*
3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Noveno.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2009 para o primeiro ano de vixencia do convenio. Para o ano 2010 serán gastos subvencionables os que respondan a natureza da actividade e se realicen dentro de ese ano.

Décimo primeiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas

circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo sexto.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orza-

mentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento

33(724).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI E TEXTO DO CONVENIO REGULADOR DE DITA SUBVENCIÓN. EXPTE. 41182/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.05.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais, do 14.04.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º – Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Benestar Social e a Asociación *Solidariedade Galega co Pobo Saharai*, CIF.: G15.924.558 para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz 2009”.

2º- Aprobar o gasto de 23.360.- euros con cargo á partida 3130.489.00.11 - convenio saharais -, que corresponde ao desprazamento de 35 nenas/os dende Tindouf a Vigo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE ACOlLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIONS EN PAZ 2009”

Na Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Mª Xosé Méndez Piñeiro, na súa calidade de concelleira – delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra, D. Bernardo Porto Sánchez, como presidente da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF.: G15.924.558 e enderezo social en Vigo, na rúa Gregorio Espino, 31 – entrechán, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm.41182/301.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o Pobo Galego e o Pobo Saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre o pobo saharai e o galego e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

Esta entidade ven desenvolvendo dende hai tempo unha importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais dende os campamentos de refuxiados de Tindouf a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante estes meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de 50º no deserto, ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre, así como, sensibilizar sobre a situación do pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

II.- Que o Concello de Vigo ante as razóns de tipo humanitario e solidario que entrana a actividade subvencionable, xustifica e considera conveniente a concesión desta subvención, cando ademais, os datos apuntan a un crecemento da demanda de familias acolledoras, quedando, incluso, familias sen esta posibilidade, polo que se entende que as Administracións Públicas deben apoiar as actitudes solidarias destes cidadáns, na medida das súas posibilidades, apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes nenos e nenas ata a nosa cidade. Por outra banda, a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai conta co recoñecemento do Goberno Saharai para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia, ademais de levar máis de once anos desenvolvendo no Concello de Vigo.

A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción de necesidades da comunidade vecinal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no art. 2 pto.3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na Lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa, segundo o artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a máis abundamento, acredítanse razóns de interese público, humanitario e social para a súa concesión, neste caso, o obxecto da subvención vai destinada a financiar os gastos do desprazamento de menores refuxiados do Sáhara Occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun entorno de guerra e que precisan da axuda externa para sobrevivir, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2008.

A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica aos gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III.- Así, as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida convenio saharauis 3130.489.00.11, prevé, nominativamente, a concesión dunha subvención por importe de 23.360,00.- € , a favor da asociación Solidariedade Galega co Pobo Sahararui.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da administración concedente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a colaboración coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “vacacións en paz”, que consiste no traslado de 35 nenos e nenas saharauis, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf, para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas.

V.- Que a entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 41182/301.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e humanitario que para a cidade de Vigo representa a actividade da entidade asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharai, o Concello de Vigo e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto ao traslado de menores saharauis dende Argelia ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, concretamente, a:

1º.- Búsqueda e selección das posibles familias acolledoras.

2º.- *Asignación dos menores ás familias seleccionadas, así como solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a facilitar ao Concello de Vigo, o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.*

3º.- *Facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores dende Argelia á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación Saharaui para Galicia.*

4º.- *Asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas aos menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui.*

5º.- *Dispor do necesario para subscribir as pólizas de seguros que garanten a cobertura de todos os aspectos da actividade.*

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui queda obrigada a someterse ás actuacións de comprobación que quera efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- *Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos motivo do convenio.*

2º.- *Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións a desenvolver.*

3º.- *Conceder directamente á entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, unha subvención por importe de 23.360.- € co obxecto de coadxuvar á financiación para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz 2009”.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para o desenvolvemento do programa “vacacións en paz 2009” previsto no presente convenio, o Concello de Vigo aportará a cantidade de 23.360.- €.

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- O 50% do importe total á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación, que presenta necesidades financeiras que lle impiden realizar cos seus propios medios o proxecto subvencionado, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do 50% do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan enoxeradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados tal e como se indica no pacto oitavo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas e interpretacións do convenio, crearase unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida pola Concelleira – Delegada da Área de Benestar Social.

Sétimo.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de dous meses a contar dende o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades e gastos realizados; os xustificantes de pago dos gastos realizados con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada, así como unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos realizados.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Asimismo, presentarase unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, aos efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo .- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2009.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. A técnica responsable do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

34(725).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á “ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO” E TEXTO DO CONVENIO REGULADOR DE DITA SUBVENCIÓN. EXPTE. 40102/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 8.05.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas de Servizos Sociais, do 17.04.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la concesión dunha subvención directa á Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado por un importe total de 40.300 euros, con cargo á partida 3130.4890003 –Covenio AFAN-.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN), colaboradora co Departamento de Benestar Social, para a atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e outras axudas, polo que se articulan os dereitos e obrigas da subvención.

3º.- Aprobar o gasto total de 40.300 euros a favor da Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN), CIF G36660348, con cargo á partida 3130.4980003 –Convenio AFAN-, correspondendo a cantidade de 20.000 euros ao orzamento de 2009, e 20.300 euros ao orzamento de 2010, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN).

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO (AFAN)

Vigo, de de 2009

REUNIDOS

Dunha parte Dª María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007,

Doutra parte Dona Hortensia González Fernández DNI 35914549 A como presidenta da Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN), NIF 36.660.348, e enderezo a efectos de notificación na rúa Pastora nº 44 de Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

M A N I F E S T A N

I- Que a “Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado”, no sucesivo “AFAN” ten como obxectivo a atención e promoción de persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación e a promoción, facilitándolle os medios necesarios o seu alcance, para o seu total desenvolvemento. AFAN dedícase á atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupas, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento. Ademais, AFAN constitúe un recurso social, dentro do sistema público de servizos sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servizos Sociais.

II- O concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e situacións de emerxencia social, que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir en unhas condicións mínimamente dignas. Ademais o Concello necesita este recurso como complemento do seu programa de transición a vida autónoma. Este recurso e un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais", sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos sevizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumplimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2003. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupa, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento, etc.

IV- Que a entidade AFAN non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade AFAN, o Concello de Vigo e a dita entidade AFAN, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.-

A entidade AFAN comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a atención das persoas en risco de exclusión ou situación de emexencia social e, concretamente a:

1º.- A admisión de tódalas familias que accedan por primeira vez á solicitude de atención, remitíndoas cara os Servicios Sociais, e atendéndoas nas súas necesidades básicas ata a súa inserción e aproveitamento dos recursos públicos que procedan en cada caso.

2º.- A atender as persoas que lle sexan remitidas desde o Departamento de Benestar Social, con independencia das accións que habitualmente leva a cabo a propia Asociación.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade AFAN unha subvención para o exercicio 2009 por importe de 20.000 euros co obxecto de levar a cabo a atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupas, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento. Para o ano 2010, o importe da subvención a conceder será de 20.300 euros.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Co amparo legal do artigo 31 punto 2 da Ley 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, a vixencia do presente convenio será plurianual, con una duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de decembro do ano 2010.

Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade total de 40.300 euros, dos cales 20.000 irán con cargo ao orzamento de 2009, e 20.300 con cargo ao orzamento de 2010.

Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2009 e 2010, efectuaránse do seguinte xeito:

- No ano 2009, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2010, o 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro de cada un dos anos, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de AFAN e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servicios Sociais.

Oitava.-

A Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Novena.-

A Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello

Décima.-

Para a xustificación do ano 2009, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2010 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para o ano 2010, a xustificación deberá realizarse ata o 31 de xaneiro do ano 2011. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; os xustificantes de pago dos gastos efectuados con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
- Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
- Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste

caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2009 para o primeiro ano de vixencia do convenio. Para o ano 2010 serán gastos subvencionables os que respondan a natureza da actividade e se realicen dentro de ese ano.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinifcativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunica-

cións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan no lugar e data indicado no encabezamento.

35(726).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 38732/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.05.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a CLECE, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de axuda no fogar do concello de Vigo. (expte 38732-301) por un prezo total de 3.100.000 euros IVE incluído e un prezo hora con IVE incluído de 13,32 euros, ofertando asimesmo as seguintes melloras:

- Apoio e asesoría técnica especializada prestada por terapeutas ocupacionais, fisio-terapeutas, médicos, ATS-DUE, psicólogos, sociólogos e traballadores sociais.
- Aportación gratuíta de soportes e axudas técnicas para a mobilización de usuarios en réxime de cesión temporal.
- Servizo de xestión de entrega de medicamentos: Tele – receita.
- Servizo de atención e apoio técnico psicolóxico.
- Realización de limpeza de choque e extraordinarias, ata un máximo de 100 horas.
- Seis ordenadores para as UTS.
- Cartilla de control de medicación.
- Dúas comidas para usuarios ao ano (unha en Nadal).
- Compromiso de contratación de personal capacitado dos outros programas municipais.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 20-02-2009 e 16-03-2009.

36(727).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.